PLENO DO PARLAMENTO

5 de xuño de 2018
10.00 horas

Convocatoria do Pleno 1
Relación de membros da Cámara 7
Listado para votación 9

Punto preliminar 12

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia do novo deputado D. Jesús Miguel Prado Patiño

Punto 1. Textos lexislativos 13

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, do imposto sobre as bolsas de plástico dun só uso en Galicia (doc. núm. 29249, 10/PPL-000018)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 292, do 17.04.2018 14

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, pola que se modifica o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para introducir medidas de acción positiva no ámbito universitario e da investigación (doc. núm. 29557, 10/PPL-00019)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 295, do 24.04.2018 24

Punto 2. Comparecencias 36

2.1 31528 (10/CPP-000064)
Do Sr. conselleiro de Política Social, por petición propia, para informar das políticas de apoio ás familias e á conciliación 37

Punto 3. Mocións 39

3.1 31362 (10/MOC-000091)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación e as condicións laborais do persoal do Sergas (Moción a consecuencia da Interpelación nº 3070, publicada no BOPG nº 48, do 19.1.2017, e debatida na sesión plenaria do 22.5.2018) 40

3.2 31364 (10/MOC-000092)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa protección do patrimonio cultural do Camiño de Santiago (Moción a consecuencia da Interpelación nº 30455, publicada no BOPG nº 302, do 9.5.2018, e debatida na sesión plenaria do 22.5.2018) 43

3.3 31372 (10/MOC-000093)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo para garantir a plenitude dos dereitos das persoas galegas retornadas (Moción a consecuencia da Interpelación nº 2127, publicada no BOPG nº 28, do 14.12.2016, e debatida na sesión plenaria do 22.5.2018) 46

Punto 4. Proposicións non de lei.....49

4.1 8675 (10/PNP-000818)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da implantación da figura do enriquecemento inxusto ou ilegal no Código penal, co fin de avanzar na loita contra a corrupción
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 112, do 10.05.2017.....50

4.2 19335 (10/PNP-001426)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis
Sobre o fomento e acollemento polo Goberno galego, de xeito complementario ao investimento público en tecnoloxía sanitaria, de todas aquelas actuacións de mecenado que redunden nunha mellora do servizo ao doente
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 203, do 31.10.2017.....54

4.3 30118 (10/PNP-002221)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a reforma do sistema de elección de vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial e a garantía da independencia do poder xudicial
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 299, do 03.05.2018.....58

4.4 30384 (10/PNP-002248)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa proposta de unificación dos programas de axudas para persoas desempregadas, así como coa compatibilidade entre as prestacións por desemprego e as rendas sociais autonómicas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 301, do 08.05.2018.....64

4.5 30476 (10/PNP-002257)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Antón Vilasánchez, María Ángeles e 9 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Concello de Santiago de Compostela en relación coa redacción do proxecto de accesos á nova estación de autobuses, o cronograma da tramitación administrativa necesaria e os prazos contractuais previstos para garantir o seu acceso axeitado, así como as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do inicio e execución das obras desa estación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 305, do 16.05.2018..... 68

4.6 30674 (10/PNP-002263)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa planificación da atención hospitalaria e a cobertura das vacacións do persoal durante os meses de verán
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 305, do 16.05.2018.....72

4.7 30849 (10/PNP-002284)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a constitución pola Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Igualdade, dunha mesa de traballo interuniversitaria contra a violencia machista, así como a dotación do orzamento necesario para o desenvolvemento da súa actividade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 309, do 23.05.2018.....76

4.8 31093 (10/PNP-002306)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coas prestacións de carácter asistencial e por desemprego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 309, do 23.05.2018..... 81

Punto 5. Interpelacións.....86

5.1 18190 (10/INT-000595)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre o tratamento de residuos líquidos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 191, do 11.10.2017.....87

5.2 23550 (10/INT-000783)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación de precariedade do mercado do traballo en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018..... 91

5.3 30608 (10/INT-001014)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel
Sobre a situación do sistema financeiro galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 305, do 16.05.2018.....96

Punto 6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta.....99

6.1 31498 (10/POPX-000094)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a valoración do presidente da Xunta de Galicia relativa á corrupción na trama Gürtel e o

Partido Popular de Galicia.....100

6.2 31499 (10/POPX-000095)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María
Sobre a valoración polo presidente da Xunta dos efectos para Galicia dos recentes acontecementos que sacudiron a política española..... 102

6.3 31502 (10/POPX-000096)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis
Sobre a militancia do presidente da Xunta só con Galicia por riba de calquera circunstancia.....104

Punto 7. Preguntas ao Goberno.....107

7.1 31436 (10/PUP-000168)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez. Abel Fermín e 2 máis
Sobre os plans de actuación inmediata desenvolvidos polo Goberno galego para axudar as persoas directamente afectadas pola explosión dunha pirotecnia o 23 de maio de 2018 no concello de Tui.....108

7.2 31460 (10/PUP-000169)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 13 máis
Sobre as medidas postas en marcha pola Xunta de Galicia para atender de forma urxente as necesidades das vítimas e familias afectadas pola explosión dunha pirotecnia o 23 de maio de 2018 no concello de Tui.....111

7.3 31473 (10/PUP-000170)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Castiñeira Broz, Jaime e 7 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para axudar as persoas que viron danadas as súas vivendas pola explosión dunha pirotecnia o 23 de maio de 2018 no concello de Tui.....115

7.4 26175 (10/POP-003111)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir a viabilidade industrial da Fábrica de Armas da Coruña
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 264, do 21.02.2018.....118

7.5 26702 (10/POP-003179)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para intermediar no conflito laboral do persoal do servizo de mantemento do Complexo Hospitalario Universitario de

Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 268, do 28.02.2018..... 121

7.6 28710 (10/POP-003377)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da calidade asistencial ofrecida no Hospital de Verín
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 289, do 11.04.2018..... 125

7.7 29945 (10/POP-003508)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis
Sobre os datos da Consellería de Sanidade referidos aos resultados da aplicación do Decreto 105/2017, do 28 de setembro, polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 299, do 03.05.2018..... 128

7.8 28622 (10/POP-003367)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre as razóns do Goberno galego para non reforzar con persoal fixo os equipos de valoración e orientación para a discapacidade para rematar coa lista de espera nas valoracións do grao de discapacidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 289, do 11.04.2018..... 131

7.9 31430 (10/PUP-000167)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa solicitude de autorización do proxecto de megaminaría nos concellos de Touro e do Pino, dado o seu impacto medioambiental no sector produtivo da ría de Arousa..... 135

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
29 MAI. 2018
Núm. 9471

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 5 de xuño de 2018, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 29 de maio de 2018, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto preliminar.

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia do novo deputado D. Jesús Miguel Prado Patiño

Punto 1. Textos lexislativos

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, do imposto sobre as bolsas de plástico dun só uso en Galicia (doc. núm. 29249, 10/PPL-000018)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 292, do 17.04.2018

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, pola que se modifica o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para introducir medidas de acción positiva no ámbito universitario e da investigación (doc. núm. 29557, 10/PPL-00019)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 295, do 24.04.2018

Punto 2. Comparecencias

31528 (10/CPP-000064)
Do Sr. conselleiro de Política Social, por petición propia, para informar das políticas de apoio ás familias e á conciliación

Punto 3. Mocións

3.1 31362 (10/MOC-000091)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación e as condicións laborais do persoal do Sergas (Moción a consecuencia da Interpelación nº 3070, publicada no BOPG nº 48, do 19.1.2017, e debatida na sesión plenaria do 22.5.2018)

3.2 31364 (10/MOC-000092)

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
29 MAI. 2018
Núm. 9471

Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa protección do patrimonio cultural do Camiño de Santiago (Moción a consecuencia da Interpelación nº 30455, publicada no BOPG nº 302, do 9.5.2018, e debatida na sesión plenaria do 22.5.2018)

3.3 31372 (10/MOC-000093)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo para garantir a plenitude dos dereitos das persoas galegas retornadas (Moción a consecuencia da Interpelación nº 2127, publicada no BOPG nº 28, do 14.12.2016, e debatida na sesión plenaria do 22.5.2018)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 8675 (10/PNP-000818)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da implantación da figura do enriquecemento inxusto ou ilegal no Código penal, co fin de avanzar na loita contra a corrupción
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 112, do 10.05.2017

4.2 19335 (10/PNP-001426)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis
Sobre o fomento e acollemento polo Goberno galego, de xeito complementario ao investimento público en tecnoloxía sanitaria, de todas aquelas actuacións de mecenado que redunden nunha mellora do servizo ao doente
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 203, do 31.10.2017

4.3 30118 (10/PNP-002221)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a reforma do sistema de elección de vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial e a garantía da independencia do poder xudicial
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 299, do 03.05.2018

4.4 30384 (10/PNP-002248)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
29 MAI. 2018
Núm. 9471

PARLAMENTO DE GALICIA

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa proposta de unificación dos programas de axudas para persoas desempregadas, así como coa compatibilidade entre as prestacións por desemprego e as rendas sociais autonómicas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 301, do 08.05.2018

4.5 30476 (10/PNP-002257)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Antón Vilasánchez, María Ángeles e 9 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Concello de Santiago de Compostela en relación coa redacción do proxecto de accesos á nova estación de autobuses, o cronograma da tramitación administrativa necesaria e os prazos contractuais previstos para garantir o seu acceso axeitado, así como as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do inicio e execución das obras desa estación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 305, do 16.05.2018

4.6 30674 (10/PNP-002263)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa planificación da atención hospitalaria e a cobertura das vacacións do persoal durante os meses de verán
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 305, do 16.05.2018

4.7 30849 (10/PNP-002284)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a constitución pola Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Igualdade, dunha mesa de traballo interuniversitaria contra a violencia machista, así como a dotación do orzamento necesario para o desenvolvemento da súa actividade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 309, do 23.05.2018

4.8 31093 (10/PNP-002306)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coas prestacións de carácter asistencial e por desemprego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 309, do 23.05.2018

Punto 5. Interpelacións

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
29 MAI. 2018
Núm. 9471

5.1 18190 (10/INT-000595)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre o tratamento de residuos líquidos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 191, do 11.10.2017

5.2 23550 (10/INT-000783)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación de precariedade do mercado do traballo en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018

5.3 30608 (10/INT-001014)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel
Sobre a situación do sistema financeiro galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 305, do 16.05.2018

Punto 6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

6.1 31498 (10/POPX-000094)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a valoración do presidente da Xunta de Galicia relativa á corrupción na trama Gürtel e o Partido Popular de Galicia

6.2 31499 (10/POPX-000095)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María
Sobre a valoración polo presidente da Xunta dos efectos para Galicia dos recentes acontecementos que sacudiron a política española

6.3 31502 (10/POPX-000096)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis
Sobre a militancia do presidente da Xunta só con Galicia por riba de calquera circunstancia

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 31436 (10/PUP-000168)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis
Sobre os plans de actuación inmediata desenvolvidos polo Goberno

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
29 MAI. 2018
Núm. 9471

galego para axudar as persoas directamente afectadas pola explosión dunha pirotecnia o 23 de maio de 2018 no concello de Tui

7.2 31460 (10/PUP-000169)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 13 máis
Sobre as medidas postas en marcha pola Xunta de Galicia para atender de forma urxente as necesidades das vítimas e familias afectadas pola explosión dunha pirotecnia o 23 de maio de 2018 no concello de Tui

7.3 31473 (10/PUP-000170)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Castiñeira Broz, Jaime e 7 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para axudar as persoas que viron danadas as súas vivendas pola explosión dunha pirotecnia o 23 de maio de 2018 no concello de Tui

7.4 26175 (10/POP-003111)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir a viabilidade industrial da Fábrica de Armas da Coruña
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 264, do 21.02.2018

7.5 26702 (10/POP-003179)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para intermediar no conflito laboral do persoal do servizo de mantemento do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 268, do 28.02.2018

7.6 28710 (10/POP-003377)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da calidade asistencial ofrecida no Hospital de Verín
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 289, do 11.04.2018

7.7 29945 (10/POP-003508)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis
Sobre os datos da Consellería de Sanidade referidos aos resultados da aplicación do Decreto 105/2017, do 28 de setembro, polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
29 MAI. 2018
Núm. 9471

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 299, do 03.05.2018

7.8 28622 (10/POP-003367)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre as razóns do Goberno galego para non reforzar con persoal fixo os equipos de valoración e orientación para a discapacidade para rematar coa lista de espera nas valoracións do grao de discapacidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 289, do 11.04.2018

7.9 31430 (10/PUP-000167)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa solicitude de autorización do proxecto de megaminaría nos concellos de Touro e do Pino, dado o seu impacto medioambiental no sector produtivo da ría de Arousa

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 29/05/2018 14:15:42

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
30 MAI. 2018
Núm. 9484

Corrección de erros na convocatoria do Pleno da Cámara para o día 5 de xuño de 2018, en relación cos propoñentes da iniciativa pregunta oral urxente (doc. núm. 31436, 10/PUP-000168)

Advertido un erro material na convocatoria do Pleno da Cámara para o día 5 de xuño de 2018, procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Débense cambiar os propoñentes da iniciativa de referencia:

"Onde di:

- 31436 (10/PUP-000168)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis
Sobre os plans de actuación inmediata desenvolvidos polo Goberno galego para axudar as persoas directamente afectadas pola explosión dunha pirotecnia o 23 de maio de 2018 no concello de Tui

Debe dicir:

- 31436 (10/PUP-000168)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis
Sobre os plans de actuación inmediata desenvolvidos polo Goberno galego para axudar as persoas directamente afectadas pola explosión dunha pirotecnia o 23 de maio de 2018 no concello de Tui

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2018

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

Asinado dixitalmente por:

Xosé Antón Sarmiento Méndez, Letrado Oficial Maior na data 30/05/2018 09:20:59

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RELACIÓN DE MEMBROS DE
PLENO DO PARLAMENTO

POR ORDE ALFABÉTICA

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
María Encarnación Amigo Díaz	P
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Magdalena Barahona Martín	EM
Moisés Blanco Paradelo	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María de la Concepción Burgo López	S
Marcos Cal Ogando	EM
Diego Calvo Pouso	P
Francisco Casal Vidal	EM
Jaime Castiñeira Broz	P
Luca Chao Pérez	EM
Francisco José Conde López	P
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Teresa Egerique Mosquera	P
Raúl Fernández Fernández	S
César Manuel Fernández Gil	P
Xoaquín María Fernández Leiceaga	S
Martín Fernández Prado	P
María Ángeles García Míguez	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
José Manuel Lago Peñas	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Beatriz Mato Otero	P
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Guadalupe Murillo Solís	P
María Isabel Novo Fariña	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Alberto Núñez Feijóo	P
José Alberto Pazos Couñago	P
José Manuel Pérez Seco	S
María Luisa Pierres López	S
Ana Belén Pontón Mondelo	BNG
María Montserrat Prado Cores	BNG
Paula Prado del Río	P
Jesús Miguel Prado Patiño	P
Noa Presas Bergantiños	BNG
Pedro Puy Fraga	P

Rosa María Quintana Carballo	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Antonio Quiroga Díaz	S
José Manuel Rey Varela	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
Olalla Rodil Fernández	BNG
Marta Rodríguez Arias	P
María Julia Rodríguez Barreira	P
David Rodríguez Estévez	EM
Moisés Rodríguez Pérez	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Alfonso Rueda Valenzuela	P
María Soraya Salorio Porral	P
Antón Sánchez García	EM
Miguel Ángel Santalices Vieira	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Eva Solla Fernández	EM
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
María Dolores Toja Suárez	S
Julio Torrado Quintela	S
Julia Torregrosa Sañudo	EM
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P
Sandra Vázquez Domínguez	P
Paula Vázquez Verao	EM
Daniel Vega Pérez	P
Patricia Vilán Lorenzo	S
Luis Villares Naveira	EM

Relación de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia
X Lexislatura

(actualizada 25 de maio de 2018)

Para votación por chamamento

APELIDOS E NOME	GP	SI	NON	ABST
1. Álvarez Martínez, Luís Manuel	S			
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P			
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	P			
4. Balseiros Guinarte, Silvestre José	P			
5. Bará Torres, Xosé Luís	BNG			
6. Barahona Martín, Magdalena	EM			
7. Blanco Paradelo, Moisés	P			
8. Blanco Rodríguez, Noela	S			
9. Cal Ogando, Marcos	EM			
10. Casal Vidal, Francisco	EM			
11. Castiñeira Broz, Jaime	P			
12. Chao Pérez, Luca	EM			
13. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	EM			
14. Díaz Villoslada, Juan Manuel	S			
15. Egerique Mosquera, Teresa	P			
16. Fernández Fernández, Raúl	S			
17. Fernández Gil, César Manuel	P			
18. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	S			
19. Fernández Prado, Martín	P			
20. García Míguez, María Angeles	P			
21. Gómez Salgado, Carlos	P			
22. González Vázquez, José	P			
23. Lago Peñas, José Manuel	EM			
24. Losada Álvarez, Abel Fermín	S			
25. Moreira Ferro, Jacobo	P			
26. Mouriño Villar, Antonio	P			
27. Murillo Solís, Maria Guadalupe	P			
28. Novo Fariña, María Isabel	P			
29. Nóvoa Iglesias, Marta	P			
30. Nuñez Centeno, Aurelio Alfonso	P			

31. Pazos Couñago, José Alberto	P			
32. Pérez Seco, José Manuel	S			
33. Pierres López, María Luisa	S			
34. Pontón Mondelo, Ana Belen	BNG			
35. Prado Cores, María Montserrat	BNG			
36. Prado del Río, Paula	P			
37. Prado Patiño, Jesús Miguel	P			
38. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG			
39. Puy Fraga, Pedro	P			
40. Quinteiro Araújo, Paula	EM			
41. Quiroga Díaz, José Antonio	S			
42. Rivas Cruz, José Luis	BNG			
43. Rodil Fernández, Olalla	BNG			
44. Rodríguez Arias, Marta	P			
45. Rodríguez Barreira, María Julia	P			
46. Rodríguez Estévez, David	EM			
47. Rodríguez Pérez, Moisés	P			
48. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	S			
49. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	P			
50. Romero Fernández, Cristina Isabel	P			
51. Salorio Porral, María Soraya	P			
52. Sánchez García, Antón	EM			
53. Santos Queiruga, Carmen	EM			
54. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	P			
55. Toja Suárez, María Dolores	S			
56. Torrado Quintela, Julio	S			
57. Torregrosa Sañudo, Julia	EM			
58. Trenor López, Gonzalo	P			
59. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	P			
60. Vázquez Domínguez, Sandra	P			
61. Vázquez Verao, Paula	EM			
62. Vega Pérez, Daniel	P			
63. Vilán Lorenzo, Patricia	S			
64. Villares Naveira, Luís	EM			

DEPUTADAS E DEPUTADOS MEMBROS DA XUNTA DE GALICIA				
65. Quintana Carballo, Rosa María	P			
66. Rey Varela, José Manuel	P			
67. Conde López, Francisco José	P			
68. Mato Otero, Beatriz	P			
69. Rueda Valenzuela, Alfonso	P			
70. Núñez Feijoo, Alberto	P			
DEPUTADAS E DEPUTADOS DA MESA DO PARLAMENTO				
71. Burgo López, María de la Concepción	S			
72. Arias Rodríguez, Raquel	P			
73. Solla Fernández, Eva	EM			
74. Calvo Pouso, Diego	P			
75. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P			

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

0. Punto Preliminar.- Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia do novo deputado D. Jesús Miguel Prado Patiño

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

1. Textos lexislativos

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, do imposto sobre as bolsas de plástico dun só uso en Galicia (doc. núm. 29249, 10/PPL-000018)

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

1.1 29249(10/PPL-000018)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 13 máis

Proposición de lei do imposto sobre as bolsas de plástico dun só uso en Galicia

Publicación da iniciativa, 292, 17.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 29249
Data envío: 11/04/2018 14:15:11.748

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición de lei do imposto sobre as bolsas de plástico dun só uso en Galicia.**

Exposición de motivos

O 32 % de todo o plástico que utilizamos os seres humanos acaba na natureza. Calcúlase que cada ano 8 millóns de toneladas de plástico chegan a mares e océanos, polo que o World Economic Forum informa que en 2050 no mar haberá máis plásticos que peixes. Así, na UE, a media de consumo de bolsas de plástico é de 176 por persoa e ano, sendo un produto de vida útil efémera de tan só 15 minutos, aínda que facilmente substituíble por sistemas reutilizables.

De acordo co principio de «Quen contamina debe pagar», a Directiva (UE) 2015/720 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2015, modificou a Directiva 94/62/CE, no que se refire á redución do consumo de bolsas de plástico lixeiras. A transposición desta norma, incumprindo os prazos legais establecidos, non foi realizada aínda polo Goberno do Estado, polo que a propia lei vén establecer a precisa concordancia coa normativa europea, facultando a Xunta de Galicia a adaptala no relativo ao cumprimento de prazos e características emanados da devandita normativa a que se refire.

Xa con anterioridade outras comunidades autónomas teñen aprobado este mesmo imposto cunha clara finalidade medioambiental, perseguindo así a redución do uso destas bolsas de plástico dun só uso e da contaminación que xeran.

En función das anteriores consideracións, esta lei crea, como tributo propio, un novo imposto sobre bolsas de plástico dun só uso, conforme a potestade tributaria da Comunidade Autónoma de Galicia emanada dos artigos 133, 156 e 157 da Constitución de 1978, desenvolvida na Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 29249
Data envio: 11/04/2018 14:15:11.748

comunidades autónomas, e plasmada no artigo 44 do Estatuto de autonomía de Galicia de 1981. Este imposto contén unha marcada condición parafiscal coa finalidade última de acadar unha axeitada protección medioambiental en Galicia, en consonancia coa normativa europea existente.

Neste senso, dáse cumprimento á doutrina constitucional que exixe un dobre título habilitante para que unha Comunidade Autónoma poida crear tributos cunha finalidade parafiscal ou extrafiscal: por unha parte a potestade tributaria, á que xa se fixo mención, e, por outro lado, a titularidade da competencia material para atender a finalidade perseguida, cuestión que se respecta por canto a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuídas no Estatuto de autonomía competencias normativas correspondentes á materia sobre a protección do medio ambiente.

Artigo 1. *Creación*

1. Créase o imposto sobre as bolsas de plástico dun só uso en Galicia.
2. Enténdese por bolsas de plástico dun só uso as bolsas, con ou sen asas, fabricadas con material plástico, de acordo coa definición recollida no artigo 3, apartado 5, do Regulamento (CE) 1907/2006, entregadas ás persoas consumidoras nos puntos de venda de Galicia e destinadas a facilitar o transporte dos produtos adquiridos.

Artigo 2. *Obxecto, natureza e finalidade*

O imposto sobre as bolsas de plástico dun só uso é un imposto de carácter indirecto e natureza real, co obxecto de diminuír a súa utilización e coa finalidade de minorar a contaminación que xeran e contribuír á protección do medio ambiente.

Artigo 3. *Feito impoñible*

Constitúe o feito impoñible do imposto a subministración de bolsas de plástico dun só uso por un establecemento comercial.

Artigo 4. *Exencións*

Estará exento do imposto a subministración das seguintes bolsas de plástico:

1. As bolsas de plástico usadas exclusivamente para conter os produtos que se relacionan neste punto e sempre que non estivesen previamente envasadas:
   a) Peixe fresco e os seus derivados frescos.
   b) Carne fresca e os seus derivados frescos.
   c) Froitas e hortalizas.
   d) Alimentos cociñados fríos e quentes.
   e) Alimentos conxelados.
2. As bolsas de plástico deseñadas para a súa reutilización.
3. As bolsas de plástico biodegradables ou compostables, consonte a definición da normativa europea EN 13432:2000 relativa a envases e embalaxes.

Artigo 5. *Suxeitos pasivos*

Son suxeitos pasivos, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas, así como os entes sen personalidade xurídica aos que se refire o artigo 36 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, titulares de establecementos que subministren bolsas de plástico dun só uso ás persoas consumidoras.

Artigo 6. *Base impoñible*

Constitúe a base impoñible o número total de bolsas de plástico dun só uso subministradas polos suxeitos pasivos durante o período impositivo.

Artigo 7. *Estimación directa da base impoñible*

A determinación da base impoñible realizarase, con carácter xeral, en réxime de estimación directa, mediante a contabilización do número de

bolsas de plástico dun só uso subministradas ás persoas consumidoras durante o período impositivo.

Artigo 8. *Estimación indirecta da base impoñible*

Nos supostos establecidos no artigo 53 da Lei xeral tributaria, a Administración tributaria determinará a base impoñible en réxime de estimación indirecta, utilizando calquera dos medios referidos no citado artigo.

Artigo 9. *Tipo impositivo*

O tipo impositivo será, inicialmente, de 10 céntimos de euro por cada bolsa de plástico dun só uso subministrada. No exercicio 2020 e posteriores será de 15 céntimos de euro.

Artigo 10. *Cota íntegra*

A cota íntegra será o resultado de aplicar á base impoñible o tipo impositivo establecido no apartado anterior a este artigo.

Artigo 11. *Período impositivo e devengo*

1. O período impositivo coincidirá co ano natural.
2. imposto devengarase o 31 de decembro de cada ano, sen prexuízo do establecido no punto seguinte.
3. O período impositivo será inferior ao ano natural cando se inicie a actividade despois do 1 de xaneiro ou cese a esta antes do 31 de decembro. Nestes casos, o período impositivo coincidirá co período de tempo que durase a actividade.

Artigo 12. *Repercusión do imposto*

1. Os suxeitos pasivos deberán repercutir integramente o importe total do imposto á persoa consumidora, e esta quedará obrigada a soportalo.
2. O importe ao que se refire o número anterior deberá constar na factura, recibo ou xustificante correspondentes, aparecendo como

concepto independente e indicando o número de bolsas entregadas.

Artigo 13. *Liquidación*

1. O período de liquidación coincidirá co trimestre natural, salvo nos supostos que estableza a consellería competente en materia de facenda.
2. Por orde da consellería competente en materia de facenda estableceranse o lugar, forma, prazo, modelos e obrigas formais, así como específicas de xustificación e información, destinadas á aplicación e inspección.
3. A dita orde poderá establecer en que casos se establece a presentación vía telemática de xeito obrigado.

Artigo 14. *Competencias para a aplicación do imposto*

A determinación dos conceptos e definicións medioambientais aplicables neste imposto corresponderá á consellería competente en materia de medio ambiente, de acordo co establecido pola normativa da Comunidade Autónoma de Galicia, pola normativa básica estatal e pola normativa comunitaria.

Disposición adicional primeira. *Concordancia coa normativa europea*

Facúltase a Xunta de Galicia a adaptar esta lei no relativo ao cumprimento de prazos e características emanadas da normativa derivada da Directiva (UE) 2015/720 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2015, e que modifica a Directiva 94/62/CE, no que se refire á redución do consumo de bolsas de plástico.

Disposición adicional segunda. *Campañas de sensibilización para a redución do consumo de bolsas de plástico*

A Xunta de Galicia, no marco das súas competencias, realizará campañas de sensibilización ao público sobre as consecuencias negativas para o medio ambiente do consumo de bolsas de plástico e das medidas tendentes cara á súa redución.

Disposición transitoria. Período impositivo inicial

O período impositivo inicial deste imposto abarcará dende a entrada en vigor desta lei ata o final do ano natural, e calcularanse os diversos elementos impositivos para o cálculo da cota tributaria de xeito proporcional á porcentaxe que aquel represente.

Disposición derrogatoria

Quedan derrogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto nesta lei ou a contradigan.

Disposición derradeira primeira

1. Corresponde á consellería competente en materia de facenda o desenvolvemento regulamentario da aplicación, a revisión en vía administrativa e o exercicio da potestade sancionadora relacionados con este imposto.
2. O desenvolvemento regulamentario desta lei levarase a efecto no prazo máximo de dous meses dende a súa entrada en vigor.

Disposición derradeira segunda

Esta lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

ANTECEDENTES

- Constitución española de 1978.
- Estatuto de autonomía de Galicia de 1981.
- Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas.
- Directiva (UE) 2015/720 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2015, pola que se modifica a Directiva 94/62/CE no que se refire á redución do consumo de bolsas de plástico lixeiras.
- Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.
- Lei de Andalucía 11/2010, do 3 de decembro, de medidas fiscais para a redución do déficit público e para a sostibilidade.
- Decreto lei de Andalucía 4/2010, do 6 de xullo, de medidas fiscais para a redución do déficit público e para a sostibilidade.
- Orde da Consejería de Hacienda y Administración Pública da Junta de Andalucía, do 14 de abril de 2011, que aproba os modelos de autoliquidación trimestral e declaración anual, determina o lugar de pagamento e regula determinados aspectos para a aplicación do imposto.
- Decreto lei de Andalucía 7/2010, do 28 de decembro.
- Lei de Cantabria 11/2010, do 23 de decembro, de medidas fiscais e de contido financeiro.
- Lei de Cantabria 5/2011, do 29 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

– Orde de Cantabria, do 27 de decembro de 2010, pola que se aproba o modelo de autoliquidación e as obrigas formais.

– Lei de Cataluña 5/2017, do 28 de marzo, de medidas fiscais, administrativas, financeiras e do sector público.

Pazo do Parlamento, 11 de abril de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/04/2018 14:14:28

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 13:01
Nº Rexistro: 29557
Data envio: 18/04/2018 13:01:08.999

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei pola que se modifica o Decreto lexislativo 2/2015, 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de igualdade, para introducir medidas de acción positiva no ámbito universitario e da investigación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ordenamento xurídico galego establece os principios de igualdade entre homes e mulleres e de non discriminación por razón do xénero. Porén, este marco non ten eficacia plena e persisten discriminacións en todos os ámbitos da vida social, cultural, laboral, económica e singularmente no ámbito universitario e da investigación. Concretamente, no relativo á carreira docente e investigadora, téñense realizado numerosos estudios que sinalan a existencia, causas e alcance da fenda de xénero nos ámbitos científicos e universitarios.

A nivel internacional constitúe unha referencia o informe que ETAN (*European Technology Assessment Network*) publicou en 2001. Entre as súas conclusións destaca a consideración de que a infrarrepresentación das mulleres obstaculiza a consecución de obxectivos científicos e de excelencia, ademais de ser un malgaste e unha inxustiza. O informe ETAN inclúe unha serie de recomendacións para establecer cambios nas políticas públicas que rematen coa fenda de xénero neste ámbito, entre as que destacan:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 13:01
Nº Rexistro: 29557
Data envio: 18/04/2018 13:01:08.999

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A recompilación de datos desagregados por sexo e comparables entre países.

- A realización dunha análise das barreiras que impiden o acceso pleno das mulleres á ciencia e á tecnoloxía e o seu ascenso.

- A análise das diferenzas salariais existentes

- Proceder a unha integración da igualdade de trato, de accións positivas e do *mainstreaming* de xénero nas políticas educativas e científicas.

- A mellora, en termos de xénero, das prácticas de selección e de promoción profesional.

- A introdución de correctores para acadar unha presenza mínima dun 40 por 100 do sexo menos representado en todos os ámbitos.

- A orientación académica e laboral non sexista.

- A procura do emprego de persoas expertas volantes

A pesar de ter transcorrido case dúas décadas dende a aprobación das citadas recomendacións -aos que, por outra banda, se aprobaron múltiples iniciativas a nivel galego, estatal e europeo-, a discriminación por mor do xénero segue a manifestarse dun xeito especialmente intenso no ámbito científico e da ciencia.

Estatísticas e estudos oficiais confirman esta diagnose e debuxan unha realidade complexa. Así, o estudo realizado pola Xunta de Galiza "As mulleres no sistema educativo de Galiza" establece unha radiografía elocuente sobre a realidade do sistema educativo e de investigación. Entre as conclusións destácase que:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 13:01
Nº Rexistro: 29557
Data envio: 18/04/2018 13:01:08.999

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a) "A presenza das mulleres como alumnas nas ensinanzas obrigatoria, postobrigatoria e universitaria mostran un equilibrio sostido entre varóns e mulleres na educación infantil e primaria, tendencia que se mantén ata as etapas obrigatorias. Non obstante, a partir do bacharelato e a formación profesional de grao superior ata os estudos universitarios, as mulleres son clara maioría.(...) Agora ben, cando se analizan tanto as modalidades de bacharelato, como as familias (especialidades) de formación profesional ou as titulacións universitarias, constátase que as opcións elixidas polas mulleres continúan sendo as tradicionais.

b) Nos ciclos de formación profesional as mulleres escollen maioritariamente os estudos relacionados coa administración (78%), a sanidade (84%) e a imaxe persoal (98%). Pola contra, tan só un 23% cursa o bacharelato tecnolóxico e menos dun 8% opta por estudos de formación profesional relativos á tecnoloxía.

c) En canto á presenza das mulleres na educación universitaria, nas titulacións nas que a tecnoloxía xoga un papel primordial, en especial nas enxeñerías, os desequilibrios entre homes e mulleres son moi elevados: o número de alumnas non acada o 20% en especialidades como Enxeñería Informática e Enxeñería Industrial. Polo contrario, nos estudos como Enfermería e Medicina, así como en titulacións como Maxisterio (agás a especialidade de Educación Física), Socioloxía ou Comunicación Audiovisual, a presenza das mulleres supera o 70%.

d) Se atendemos aos estudos de terceiro ciclo, os desequilibrios entre homes e mulleres tenden a minimizarse. Así e todo, a presenza equilibrada de homes e mulleres que reflicten os datos globais non é tal cando analizamos as porcentaxes por áreas de coñecemento. Outra vez destaca a situación das mulleres no ámbito tecnolóxico, onde non chegan ao 30%.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 13:01
Nº Rexistro: 29557
Data envio: 18/04/2018 13:01:08.999

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e) No ámbito do profesorado, constátase que estas son clara maioría entre o profesorado na educación infantil e primaria. Non obstante, na formación profesional e no bacharelato adoitan presentarse porcentaxes favorables aos homes.

f) No profesorado universitario, as mulleres non chegan ao 40%, aínda que os datos mostran unha tendencia positiva.

g) Con respecto ás áreas de coñecemento, constátase que as mulleres só acadan a paridade entre o profesorado en humanidades. Así mesmo, cando se analizan as distintas categorías de profesorado, os datos confirman a sentenza "a maior xerarquía, menos mulleres". Nas tres universidades galegas a porcentaxe de catedráticas é moi baixa: o 20% na UV, o 12% na USC e 11% na UDC.

h) Os datos analizados relativos aos/ás investigadores/as que acadan financiamento en convocatorias públicas de I+D en Galicia reflicten que no eido da investigación aínda quedan pasos importantes que dar para acadar unha maior igualdade entre mulleres e homes. Cando se avalía a presenza das mulleres como líderes de proxectos de investigación, esta diminúe substantivamente: en empresas e centros tecnolóxicos as mulleres IP (investigadora principal) non acadan o 15%, mentres que nas universidades e OPI acadan o 30%."

Estas cifras son o suficientemente expresivas da desigualdade que persiste no ámbito universitario e xustifica a necesidade dos cambios lexislativos que se incorporan nesta lei.

Esta proposición de lei consta dun único artigo polo que se establecen medidas para incorporar a perspectiva de xénero na universidade e na investigación, co obxectivo de facer efectiva a igualdade de mulleres e homes. Con este fin, establécense medidas a aplicárense no ámbito da universidade e da investigación, abarcando a creación de cátedras sobre cuestións de xénero nas facultades, escolas técnicas

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 13:01
Nº Rexistro: 29557
Data envio: 18/04/2018 13:01:08.999

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

superiores e escolas universitarias; o apoio a realización de proxectos de estudo e investigación sobre cuestións de xénero e/ou de proxectos de estudo e investigación nos cales se integre a perspectiva de xénero; garantir a formación da totalidade do persoal en materia de xénero e de prevención da violencia contra as mulleres; establecer medidas de apoio o traballo das mulleres no ámbito da investigación e a súa participación e liderado de grupos de investigación; e visibilizar as achegas nos ámbitos científicos e técnicos das mulleres ao longo da historia e na actualidade.

Ademais, concrétanse medidas a aplicar nas universidades e nos centros e institucións de investigación galegos para garantir o cumprimento dos principios de igualdade, non discriminación por mor do xénero e facer efectiva a igualdade de mulleres e homes na carreira docente e investigadora, así como entre o persoal ao seu servizo. Fíxase a obriga de que se establezan medidas que garantan unha participación equilibrada de mulleres e homes en todos os órganos colexiados e na toma de decisións. Así mesmo, foméntase o deseño de métodos de avaliación da calidade científica e académica libres de discriminacións por mor do xénero.

Por último, introdúcense medidas para evitar que a maternidade ou a paternidade, e a asunción doutras responsabilidades familiares e de coidado penalicen o desenvolvemento da carreira docente e investigadora. Nese sentido establécese a obriga de garantir que nos procesos de selección/avaliación da traxectoria académico-profesional, nos que se consideren intervalos temporais, resulten excluídos, sen impacto negativo para a/o interesada/o, aqueles períodos de tempo dedicados ao desfrute de permisos, ou con reducións de xornada, por razóns de conciliación ou coidado de menores, familiares ou persoas dependentes. E, igualmente, deberán excluírse, sen impacto negativo, aquelas suspensións da actividade por risco durante o embarazo e a lactación, por enfermidades causadas polo embarazo, parto ou lactación, así como as motivadas pola situación física ou psicolóxica derivada de violencia de xénero.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 13:01
Nº Rexistro: 29557
Data envio: 18/04/2018 13:01:08.999

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Coa finalidade de dotarnos de máis ferramentas para conseguir a plena igualdade formúlase a seguinte proposición de lei.

Artigo único.

Substitución do artigo 20 polo seguinte

"Artigo 20. A perspectiva de xénero na universidade e na investigación.

1. Co obxectivo de facer efectiva a igualdade de mulleres e homes no ámbito da universidade e da investigación adoptaranse as seguintes medidas:

a) Creación de cátedras sobre cuestións de xénero nas facultades, escolas técnicas superiores e escolas universitarias.

b) Apoio a realización de proxectos de estudo e investigación sobre cuestións de xénero e/ou de proxectos de estudo e investigación nos cales se integre a perspectiva de xénero, e promoverase que nos proxectos de investigación dos que se poidan extraer resultados para as persoas, se teña en conta a perspectiva de xénero.

c) Formación da totalidade do persoal en materia de perspectiva de xénero e prevención da violencia contra as mulleres.

d) Apoio, a través do establecemento de medidas de acción positiva, do traballo das mulleres no ámbito da investigación, fomentando a súa participación e liderado en grupos de investigación..

e) Visibilización das achegas das mulleres nos ámbitos científico e técnico, ao longo da historia e na actualidade.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 13:01
Nº Rexistro: 29557
Data envio: 18/04/2018 13:01:08.999

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

f) Garantía de que os períodos de tempo dedicados ao desfrute de permisos, ou con reducións de xornada, por razóns de conciliación ou coidado de menores, familiares ou persoas dependentes, non repercutan negativamente na formación e na carreira docente e investigadora.

2. As universidades e os centros e institucións de investigación galegos deben:

a) Garantir o cumprimento do principio de non discriminación por razón de sexo e facer efectiva a igualdade de mulleres e homes na carreira docente e na investigadora, así como entre a totalidade do persoal ao seu servizo.

b) Establecer medidas que garantan unha participación equilibrada de mulleres e homes en todos os órganos colexiados e na toma de decisións.

c) Deseñar métodos de avaliación da calidade científica e académica non discriminatorios por razón de xénero.

d) Promover un uso dos tempos e da organización do traballo que facilite a conciliación e favoreza a corresponsabilidade de homes e mulleres, permitindo compatibilizar o exercicio da profesión académico-científica-tecnolóxica coas responsabilidades persoais e de coidado.

e) Garantir que as avaliacións de persoal docente e investigador teñan en conta a perspectiva de xénero e a non discriminación, directa ou indirecta, por razóns de sexo.

f) Garantir que nos procesos de selección/avaliación da traxectoria académico-profesional, os que se consideren intervalos temporais, resulten excluídos, sen impacto negativo para a/o interesada/o, aqueles períodos de tempo dedicados ao desfrute de permisos, ou con reducións de xornada, por razóns de conciliación ou coidado de menores, familiares ou persoas dependentes. Igualmente, deberán excluírse, sen impacto negativo, aquelas suspensións da actividade por risco durante o embarazo e a lactación,

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 13:01
Nº Rexistro: 29557
Data envio: 18/04/2018 13:01:08.999

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

por enfermidades causadas polo embarazo, parto ou lactación, así como as motivadas pola situación física ou psicolóxica derivada de violencia de xénero.

g) Establecer criterios de acción positiva nas axudas á investigación, garantindo a calidade e a excelencia, nas convocatorias de axudas, de forma que se valore positivamente que os grupos estean liderados por mulleres, integrados por máis dun 40% de mulleres ou incorporen a perspectiva de xénero.

h) Establecer medidas para a detección precoz da violencia de xénero e de apoio ante calquera das formas de violencia definidas na lexislación galega.

i) Potenciar a vocación científica e investigadora entre as mulleres.”

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 13:01
Nº Rexistro: 29557
Data envio: 18/04/2018 13:01:08.999

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ANTENCEDENTES LEXISLATIVOS

-Constitución Española.

-Estatuto de Autonomía de Galiza.

-Decreto lexislativo 2/2015, 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de igualdade.

-Lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema universitario de Galiza.

-Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de homes e mulleres.

-Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Noa Presas Bergantiños
Montserrat Prado Cores
Xosé Luis Rivas Cruz
Luis Bará Torres
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 13:01
Nº Rexistro: 29557
Data envio: 18/04/2018 13:01:08.999

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 18/04/2018 13:00:30

María Montserrat Prado Cores na data 18/04/2018 13:00:36

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/04/2018 13:00:38

Olalla Rodil Fernández na data 18/04/2018 13:00:39

Noa Presas Bergantiños na data 18/04/2018 13:00:42

Xosé Luis Bará Torres na data 18/04/2018 13:00:48

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 05.06.2018 Hora: 10.00

Orde do día

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, pola que se modifica o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para introducir medidas de acción positiva no ámbito universitario e da investigación (doc. núm. 29557, 10/PPL-00019)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 295, do 24.04.2018

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

1.2 29557(10/PPL-000019)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei pola que se modifica o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para introducir medidas de acción positiva no ámbito universitario e da investigación

Publicación da iniciativa, 295, 24.04.2018

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

2. Comparecencias en Pleno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

2.1 31528(10/CPP-000064)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. conselleiro de Política Social, por petición propia, para informar das políticas de apoio ás familias e á conciliación

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
29 MAI. 2018
Núm. 31528

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
29 MAI. 2018
SAÍDA
Núm. 15

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- do conselleiro de Política Social para informar **"das políticas de apoio ás familias e á conciliación"**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCÍA SEÑORÁNS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 29/05/2018 09:29:35

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE: inbyFRYis1
Validación: https://dsds.xunta.gal/cve

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

3. Mocións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

3.1 31362(10/MOC-000091)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación e as condicións laborais do persoal do Sergas (Moción a consecuencia da Interpelación nº 3070, publicada no BOPG nº 48, do 19.1.2017, e debatida na sesión plenaria do 22.5.2018)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/05/2018 10:16
Nº Rexistro: 31362
Data envio: 25/05/2018 10:16:10.124

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández,** ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación, doc. núm. 3070, debatida na sesión plenaria do 22 de maio de 2018. (10/INT-000105).

MOCIÓN

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Cubrir as baixas e vacacións do persoal no Servizo Galego de Saúde, tanto na Atención primaria como na Atención Especializada.

2. Negociar coas Organizacións Sindicais na mesa sectorial de sanidade a planificación e creación de prazas no Servizo Galego de Saúde.

3. Negociar coa Xunta de Persoal do CHUO as demandas das traballadoras e traballadores.

4. Negociar coa Xunta de Persoal do CHUS as demandas das traballadoras e traballadores.

5. Negociar coa Xunta de Persoal do Álvaro Cunqueiro as demandas das traballadoras e traballadores.

6. Retirar os expedientes sancionadores iniciados contra as auxiliares de enfermería do Álvaro Cunqueiro.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/05/2018 10:16
Nº Rexistro: 31362
Data envio: 25/05/2018 10:16:10.124

GRUPO PARLAMENTAR en marea

7. Atender ás demandas das traballadoras e traballadores dos Puntos de Atención Continuada do Servizo Galego de Saúde.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2018

Asdo.: Eva Solla Fernández,
Deputada do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 25/05/2018 10:14:14

Luis Villares Naveira na data 25/05/2018 10:14:24

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

3.2 31364(10/MOC-000092)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa protección do patrimonio cultural do Camiño de Santiago (Moción a consecuencia da Interpelación nº 30455, publicada no BOPG nº 302, do 9.5.2018, e debatida na sesión plenaria do 22.5.2018)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/05/2018 13:09
Nº Rexistro: 31364
Data envio: 25/05/2018 13:09:45.999

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea,** por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez** e **Ánxeles Cuña Bóveda** ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación **núm. 30455 (10/INT-001007)** debatida na sesión plenaria do 23 de maio de 2018, sobre a política do Goberno alego en relación coa protección do patrimonio cultural do Camiño de Santiago.

MOCIÓN:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Presentar antes de que remate o presente período de sesións o plan integral do Camiño, enunciado no artigo 82 da Lei de patrimonio de Galicia.

2. Presentar no período de tres meses un informe sobre o previsible impacto do proxecto de Mina de Touro no Camiño de Santiago.

3. Presentar no período máximo de tres meses un informe sobre os danos patrimoniais do Camiño producidos na última década.

3. Poñer en marcha unha mesa de diálogo coas asociacións patrimoniais e do Camiño de Santiago para desenvolver un plan de conservación patrimonial.

4. Presentar, nun prazo máximo de tres meses, as delimitacións pendentes do Camiño, nomeadamente do Camiño Portugués."

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2018.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/05/2018 13:09
Nº Rexistro: 31364
Data envio: 25/05/2018 13:09:45.999

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asdo.: Luca Chao Pérez

Anxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 25/05/2018 13:08:53

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 25/05/2018 13:09:02

Luis Villares Naveira na data 25/05/2018 13:09:12

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

3.3 31372(10/MOC-000093)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo para garantir a plenitude dos dereitos das persoas galegas retornadas (Moción a consecuencia da Interpelación nº 2127, publicada no BOPG nº 28, do 14.12.2016, e debatida na sesión plenaria do 22.5.2018)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/05/2018 16:30
Nº Rexistro: 31372
Data envío: 25/05/2018 14:02:53.265

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte Moción para substantivar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 22 de maio de 2018, sobre a estratexia de Galicia para fomentar o retorno, en plenitude de dereitos das persoas galegas emigradas (doc. núm. 2127).

Moción

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a tomar todas as medidas precisas para garantir o retorno dos galegos e galegas emigrantes en plenitude de dereitos, e a tal efecto:

1º. Dirixirase o Goberno central para establecer con carácter de urxencia un procedemento de homologación das pensións do estranxeiro coas pensións da Seguridade Social para que, as que sexan por incapacidade permanente absoluta ou gran invalidez que están exentas do IRPF, se exclúan de calquera requirimento que se faga a efectos fiscais.

Namentres non se dispoña esta homologación, paralizaranse os requirimentos que a Administración tributaria está a facer aos emigrantes retornados con pensións públicas do estranxeiro, non procedendo a iniciar actuacións de xestión, investigación ou liquidación do IRPF para estes supostos.

2º. Impulsará o inmediato cumprimento dos acordos transaccionados na Proposición non de lei 8571 do Grupo dos Socialistas de Galicia na sesión do pleno do Parlamento de Galicia celebrada o 24 de maio de 2017.

3º. Dirixirase o Goberno central, en tanto os galegos residentes en España non volvan recibir o pagamento das pensións con cargo á Seguridade Social de Venezuela, a dar efectivo cumprimento ao acordado na Proposición non de lei aprobada pola Comisión de Emprego e Seguridade Social do Congreso dos Deputados na súa sesión do pasado 13 de decembro de 2017, sobre medidas para paliar a situación de desprotección xerada aos pensionistas afectados pola prolongada suspensión do pagamento das súas pensións por parte do Goberno de Venezuela, presentada polo Grupo Parlamentario Socialista.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/05/2018 16:30
Nº Rexistro: 31372
Data envio: 25/05/2018 14:02:53.265

Grupo Parlamentario

4º. Adoptará todas as medidas precisas para que na xestión e concesión das pensións non contributivas por parte da Consellería de Política Social se teña en conta no seu réxime de incompatibilidades, e mentres se dan as circunstancias expostas no parágrafo anterior, o criterio da efectiva percepción doutra pensión no canto de unicamente o seu outorgamento ou recoñecemento.

Partido dos Socialistas de Galicia

Dirixirase o Goberno central, se proceder, para modificar, con carácter temporal, as disposicións regulamentarias ditadas en desenvolvemento da Lei 26,/1990, do 20 de decembro.

5º. Dada a crítica situación dun gran número de galegas e galegos retornados de Venezuela que levan máis de dous anos sen percibir as súas pensións do Goberno daquel país, a Xunta de Galicia habilitará unha unidade especial para a atención integral deste colectivo.

Pazo do Parlamento, 25 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 25/05/2018 13:59:27

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 25/05/2018 13:59:40

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4. Proposicións non de lei en Pleno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.1 8675(10/PNP-000818)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da implantación da figura do enriquecemento inxusto ou ilegal no Código penal, co fin de avanzar na loita contra a corrupción

Publicación da iniciativa, 112, 10.05.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 18:14
Nº Rexistro: 8675
Data envio: 04/05/2017 18:14:41.050

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga** e **Luís Villares Naveira,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno,** sobre a implantación da figura do enriquecemento inxusto ou ilícito no Código Penal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O fenómeno da corrupción en España resulta innegable, a súa existencia xera unha profunda desconfianza na cidadanía, sendo unha das principais preocupacións da sociedade española.

Esa desconfianza no sistema político e democrático, aumenta cando se observa que o ordenamento xurídico actual resulta insuficiente para atacar a esta lacra social de crecente intensidade.

Na situación de emerxencia social na que vive o país, vemos día a día un goteo incesante de noticias nas que políticos, servidores públicos e funcionarios están relacionados con condutas delituosas vinculadas á corrupción, coa correlativa axuda de empresarios ou particulares.

Resulta intolerable para o conxunto da sociedade o uso ou abuso dun cargo público para a obtención dun beneficio particular, para desta forma, incrementar o seu patrimonio persoal de maneira ilícita.

O delito de enriquecemento inxusto ou ilícito xorde para sancionar pola vía penal a aquel funcionario, cargo político ou servidor público que no exercicio

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 18:14
Nº Rexistro: 8675
Data envio: 04/05/2017 18:14:41.050

das súas funcións e valéndose da súa posición, incremente o seu patrimonio persoal de forma ilícita ou inxustificada, atendendo aos seus ingresos ou rendas.

Certo é que en España xa contamos con instrumentos legais, como, o suborno, a prevaricación, o tráfico de influencias, a apropiación indebida, a falsidade documental, a malversación de caudais públicos, o branqueo de capitais, delitos contra a Facenda pública, entre outros; cuxo fin, é castigar as condutas levadas a cabo por políticos, funcionarios ou servidores públicos que no uso do seu cargo obteñan un beneficio ilícito para si ou para terceiros; con todo, estes mecanismos resultan insuficientes e insatisfactorios para combater a corrupción dada a complexidade na súa investigación e as deficiencias probatorias. A Administración de Xustiza atópase desbordada pola cantidade de dilixencias a practicar, a dificultade das probas documentais, pola enxeñería financeira que enmaraña todo o proceso coa presenza de contas bancarias transfronteirizas, homes de palla, paraísos fiscais, entre outros.

Aínda que este delito non se atope tipificado no noso país, si que existen referentes no Dereito internacional, que o recomenda como medida insubstituíble para loitar contra a corrupción, e no Dereito comparado, que o contempla e aplica con resultados satisfactorios. A Convención das Nacións Unidas contra a corrupción, aconsella a tipificación do delito de enriquecemento ilícito, definíndoo no artigo 20 como *"o incremento significativo do patrimonio dun funcionario público respecto dos seus ingresos lexítimos que non poida ser razoablemente xustificado por el"*. De forma similar, pronúnciase o artigo 9 da Convención Interamericana contra a Corrupción.

O que se pretende é aplicar un tipo penal máis aberto e sinxelo na súa formulación, que garanta o normal e correcto funcionamento de cargos e

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 18:14
Nº Rexistro: 8675
Data envio: 04/05/2017 18:14:41.050

empregos públicos; que permita combater contra a corrupción e as súas consecuencias sociais e sancione, no ámbito penal, a ilícita obtención de beneficios económicos de funcionarios, políticos ou servidores públicos.

Polo exposto, formulamos a seguinte proposición non de lei, para ao seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao executivo central a implantación da figura do enriquecemento inxusto ou ilícito no Código Penal, para avanzar na loita contra a corrupción.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 04/05/2017 18:11:57

Carmen Santos Queiruga na data 04/05/2017 18:12:01

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.2 19335(10/PNP-001426)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre o fomento e acollemento polo Goberno galego, de xeito complementario ao investimento público en tecnoloxía sanitaria, de todas aquelas actuacións de mecenado que redunden nunha mellora do servizo ao doente

Publicación da iniciativa, 203, 31.10.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2017 13:14
Nº Rexistro: 19335
Data envio: 24/10/2017 13:14:12.505

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz,** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez** e **Sandra Vázquez Domínguez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Na maioría dos países avanzados existe dende hai anos a cultura do mecenado para distintas actividades da sociedade.

Todos coñecemos, inclusive no noso país aínda que en cifras reducidas, exemplos de mecenado na educación, na cultura, ou nos deportes.

Mais estas aportacións non se daban noutros eidos da nosa sociedade, a diferenza do que ocorre na maioría dos países do noso entorno onde a colaboración económica altruísta de persoas, empresas ou fundacións para a investigación sanitaria ou o tratamento de enfermidades raras ou oncolóxicas están á orde do día.

Recentemente en Galicia tivemos dous exemplos desta colaboración.

O empresario galego, D. Amancio Ortega, decidiu doar 17 M€ á sanidade pública galega para a adquisición de tecnoloxía para avanzar no diagnóstico e tratamento do

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2017 13:14
Nº Rexistro: 19335
Data envio: 24/10/2017 13:14:12.505

cancro. Con posterioridade, estendeu esta doazón ao resto das comunidades autónomas, ata alcanzar a cantidade total de 320M€.

Dun xeito distinto, o grupo ONCOMET, dirixido polo prestixioso oncólogo Dr. Rafael López, presentou e desenvolveu unha campaña de micromecenado para o desenvolvemento da técnica coñecida como "biopsia líquida", que facilita o diagnóstico precoz da enfermidade oncolóxica.

O propio doutor López, afirmaba nunha entrevista **"**O que vemos é que os países que máis investigan son aqueles nos que son máis importantes as doazóns e achegas económicas por parte da sociedade civil.**"**

Consideramos dende o Grupo Parlamentario Popular, como non pode ser doutro xeito, que todas estas aportacións teñen que representar un complemento ao financiamento público da sanidade galega.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a que, paralelamente ao investimento público en tecnoloxía sanitaria, fomente e acolla de xeito complementario todas aquelas accións de mecenado que redunden nunha mellora do servizo ao paciente".

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 24/10/2017 13:03:14

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 24/10/2017 13:03:23

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2017 13:14
Nº Rexistro: 19335
Data envio: 24/10/2017 13:14:12.505

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/10/2017 13:03:30

María Ángeles Garcia Míguez na data 24/10/2017 13:03:35

Marta Rodriguez Arias na data 24/10/2017 13:03:42

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 24/10/2017 13:03:49

María Soraya Salorio Porral na data 24/10/2017 13:03:59

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 24/10/2017 13:04:05

Raquel Arias Rodríguez na data 24/10/2017 13:04:14

Sandra Vázquez Dominguez na data 24/10/2017 13:04:24

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.3 30118(10/PNP-002221)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a reforma do sistema de elección de vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial e a garantía da independencia do poder xudicial

Publicación da iniciativa, 299, 03.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 18:08
Nº Rexistro: 30118
Data envio: 26/04/2018 18:08:16.112

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do seu deputado e deputada **Luís Villares Naveira e Carme Santos Queiruga**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, sobre a reforma do sistema de nomeamento das vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial e a garantía de independencia do poder xudicial .

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O consello Xeral do Poder Xudicial é o órgano de goberno do Poder Xudicial de Estado español. Defínese a si mesmo como " *un órgano constitucional, colexiado, autónomo e integrado por xuíces e xuízas e outras xuristas que exercen funcións de goberno do Poder Xudicial coa finalidade de garantir a súa independencia no exercicio da función xudicial fronte a todos*."

Atópase recollido no artigo 122 da CE, e nel regúlanse os aspectos básicos da configuración do Poder Xudicial, constitución, funcionamento e goberno dos xulgados e tribunais, que desenvolve a Lei Orgánica do Poder Xudicial.

A Lei Orgánica 4/2013, de 28 de xuño, de reforma do Consello Xeral do poder Xudicial, modificou a Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo do Poder Xudicial e engadiu un novo Libro VIII, denominado "Do Consello Xeral do Poder Xudicial". No seu artigo 567 regula a composición do Consello e a elección e a designación dos vogais. Así, cada Cámara elixe por maioría de 3/5 dos seus membros a 10 vogais, e os suplentes para cada quenda con especial atención na orde de substitución no que teña que procederse.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 18:08
Nº Rexistro: 30118
Data envio: 26/04/2018 18:08:16.112

O persoal membro do Consello é un órgano composto por 20 vogais ou membros elixidos polas Cortes Xerais, o Congreso e o Senado, entre xuíces/xuízas de recoñecida competencia. A renovación faise cada 5 anos de mandato.

A presidencia de dito Consello é designado polo Pleno do Consello na sesión constitutiva e ademais esa mesma presidencia ostenta o cargo de Presidencia do Tribunal Supremo, en total son 21 membros os que conformarán este Consello Xeral.

O Estado español é membro fundador do Grupo de Estados contra a Corrupción (GRECO) do Consello de Europa. O GRECO emite informes con propostas ou recomendacións e informes de cumprimento das mesmas. No ano 2014 publicou un informe con propostas en materia de garantía da independencia dos membros do órgano constitucional de goberno de xuíces/zas e maxistradas/os, o Consello Xeral do poder Xudicial.

No seu Informe provisional de cumprimento da 4ª Ronda, adoptado o 8 de decembro de 2017 e publicado o 3 de xaneiro de 2018, o GRECO, do Consello de Europa, na súa recomendación V manifesta "***GRECO reiterates its view that political authorities shall not be involved, at any stage, in the selection process of the judicial shift***", é dicir, **GRECO reitera a súa opinión de que as autoridades políticas non estarán involucradas en ningún momento no proceso de selección do cambio xudicial, no que respecta a elección do Consello Xeral do Poder Xudicial.**

Despois da formación do goberno, recolle o Informe de cumprimento, o Ministro de Xustiza compareceu ante as Comisións de Xustiza do Congreso e do Senado, en nadal do 2016, e expuxo as grandes directrices do proxecto de reforma da Xustiza. Esencialmente:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 18:08
Nº Rexistro: 30118
Data envio: 26/04/2018 18:08:16.112

1. Fortalecer a carreira profesional e a especialización de xuíces/zas e fiscais reforzando a carreira profesional e a especialización deste corpo e da fiscalía, a través da promoción profesional baseada na antigüidade, a especialización e a formación continua.
2. A revisión do mecanismo de designación dos membros do Consello Xeral do poder Xudicial, así como dos Presidentes dos Tribunais e dos Maxistrados do Tribunal Supremo.
3. Novo estatuto do Ministerio Fiscal, reforzando a súa independencia.

Posteriormente, con motivo da investidura do novo Goberno, dous partidos (PP e Cidadáns) levaron a cabo un pacto contra a corrupción con influencia nesta materia xudicial, así o impulso dunha reforma do modo de designación dos membros do CXPX, que tería que basearse nun consenso parlamentario, de forma que os 12 membros de procedencia xudicial se escollesen directamente por Xuízas/ces e Maxistradas/os.

O GRECO advertira xa anteriormente sobre a ausencia dunha actuación máis decidida para o cumprimento das súas recomendacións anteriores en materia de non intervención dos membros das autoridades políticas nestes nomeamentos.

Inda que recoñece a gran calidade da xustiza no Estado español e a fortaleza de espírito de servizo público, tanto do corpo da xudicatura como do conxunto da fiscalía, a título individual suspende en xeral a actuación do Estado de cara a estas recomendacións e á súa aplicación.

Advirte que é necesaria a reforma para evitar as críticas vertidas á carreira xudicial e para fortalecer a confianza da cidadanía no sistema xudicial no seu conxunto, polo que as recomendacións sinala foron só parcialmente aplicadas, sendo o resultado final insatisfactorio.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 18:08
Nº Rexistro: 30118
Data envio: 26/04/2018 18:08:16.112

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

1.- Cambiar o sistema de eleccións das vogais de procedencia xudicial para que sexan escollidos por as xuízas e xuíces.

2.- Garantir que na elección e nomeamento se asegure de forma efectiva a igualdade de xénero e a presencia das minorías.

3.- Substituír o funcionamento do sistema presidencialista por o sistema colexiado do órgano.

4.- Esixir a dedicación exclusiva das vogais.

5.- Recuperar as competencias das que gozaba o CXPX anteriormente a modificación da Lei Orgánica 4/2013.

6.- Someter a informe do CXPX o anteproxecto de lei que verse sobre as modificacións na Lei Orgánica do Poder Xudicial segundo o establecido no 561 da mesma.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Voceiro e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 18:08
Nº Rexistro: 30118
Data envio: 26/04/2018 18:08:16.112

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 26/04/2018 18:07:13

Carmen Santos Queiruga na data 26/04/2018 18:07:20

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.4 30384(10/PNP-002248)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa proposta de unificación dos programas de axudas para persoas desempregadas, así como coa compatibilidade entre as prestacións por desemprego e as rendas sociais autonómicas

Publicación da iniciativa, 301, 08.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:13
Nº Rexistro: 30384
Data envio: 03/05/2018 17:13:32.048

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

En xullo de 2017, o Tribunal Constitucional anulou a xestión do Plan Prepara, unha das axudas dispoñibles para desempregados e desempregadas que esgotaran todas as prestacións e subsidios, ao considerar que ao ser unha política activa non era responsabilidade do Goberno, senón das comunidades autónomas. En setembro do ano pasado, o Ministerio de Emprego e as comunidades acordaron unha fórmula de xestión temporal (os territorios ceden durante un tempo esa competencia ao Servizo Público de Emprego), ata que o Goberno propuxera un plan novo de axudas que simplificara estes subsidios para parados respectando o ámbito competencial. Oito meses despois, estas axudas caducaron e o Goberno de España non conseguiu ata o momento pactar un novo plan nin cos sindicatos nin coas comunidades autónomas, polo que dende este 1 de maio, as persoas que as cobran seguirán facéndoo, pero quen queira solicitala por primeira vez non poderá ata que exista un novo subsidio.

As axudas cuxa prórroga remataban este 30 de abril eran o Plan Prepara e o Programa de Activación para o Emprego (PAE), dous subsidios creados en diferentes momentos da crise para atender a persoas en situacións de paro de longa duración e cargas familiares. O Ministerio de Emprego presentou unha proposta, que tanto sindicatos como a maioría de comunidades rexeitaron. Tratábase dunha fusión de Prepara, o PAE e a Renda Activa de Inserción (RAI) nunha nova axuda: a Renda Complementaria de Desemprego (REDE), que pretende retallar os dereitos de protección dos desempregados e desempregadas, a respecto da situación actual.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

A nova axuda consistirá nunha prestación única de 430 euros ao mes para todos os casos independentemente da súa situación persoal. Os sindicatos maioritarios e nove comunidades autónomas opóñense á proposta do Ministerio, e as razóns que aducen é que este novo programa prexudicará a un número elevado de parados. Os cálculos de UGT sinalan que máis da metade dos que reciben este tipo de prestacións hoxe en día, concretamente o 59 %, veríanse prexudicados por esta medida, xa que o novo período de tempo que cobrarían a axuda sería inferior ao que existe na actualidade. É dicir, percibiríana durante menos meses que se se mantivesen os programas vixentes, podendo transitar duns a outros.

O número de parados en Galicia durante o primeiro trimestre de 2018 é de 186.500, 4.400 máis que o trimestre anterior (2,41 %), segundo os datos da Enquisa da Poboación Activa (EPA) difundidos polo Instituto Nacional de Estatística (INE). Na nosa comunidade autónoma, unhas 500 persoas ao mes, que esgotaran todas as prestacións e subsidios, solicitaban ata o de agora estas axudas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Defender diante do Goberno de España que a unificación dos programas de axudas aos desempregados e desempregadas Prepara, PAE e Renda Activa de Inserción (RAI), garanta que estas axudas se manteñan dentro da estrutura do sistema de prestacións, sen que en ningún caso supoña unha modificación á baixa que poña en perigo a prestación, nin o tempo que se percibe na actualidade.

2. Apoiar que se garanta a compatibilidade entre as prestacións por desemprego e as rendas sociais autonómicas, de modo que estas últimas poderán complementar ás prestacións.

B) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar ao

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:13
Nº Rexistro: 30384
Data envio: 03/05/2018 17:13:32.048

Goberno de España:

1. Garantir que a unificación dos programas de axudas aos desempregados e desempregadas Prepara, PAE e Renda Activa de Inserción (RAI), en ningún caso suporá unha modificación á baixa que poña en perigo a prestación, nin o tempo que se percibe na actualidade.

2. Que garanta a compatibilidade entre as prestacións por desemprego e as rendas sociais autonómicas, de modo que estas últimas poderán complementar ás prestacións.

Pazo do Parlamento, 3 de maio de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 03/05/2018 17:11:14

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/05/2018 17:11:20

Julio Torrado Quintela na data 03/05/2018 17:11:23

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/05/2018 17:11:28

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.5 30476(10/PNP-002257)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles e 9 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Concello de Santiago de Compostela en relación coa redacción do proxecto de accesos á nova estación de autobuses, o cronograma da tramitación administrativa necesaria e os prazos contractuais previstos para garantir o seu acceso axeitado, así como as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do inicio e execución das obras desa estación

Publicación da iniciativa, 305, 16.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2018 09:37
Nº Rexistro: 30476
Data envio: 04/05/2018 09:37:56.659

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **María Antón Vilasánchez, Paula Prado del Río, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, María Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna** e **Diego Calvo Pouso,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Xunta de Galicia, Ministerio de Fomento e Concello de Santiago de Compostela están a promover a nova estación intermodal de Santiago de Compostela, a través da renovación e integración urbana da estación do ferrocarril, por parte do Estado, e da execución dunha nova estación de autobuses ao seu carón, que executa a Xunta, para permitir un intercambio de modos de transporte inmediato e sinxelo. É evidente a oportunidade da actuación tras a posta en servizo do Eixe Atlántico ferroviario e a próxima chegada da alta velocidade ferroviaria a Galicia.

A Xunta de Galicia ten avanzado nos seus compromisos, redactando o proxecto e licitando, con data 15 de xaneiro de 2018, as obras da nova estación de autobuses. O proceso de adxudicación xa está avanzado e, polo tanto, neste verán comezarán as obras de construción do novo edificio, que teñen un prazo de execución de 18 meses.

Pola súa parte, para a funcionalidade da estación de autobuses é imprescindible actuar sobre a rúa Clara Campoamor para configurar o acceso dos propios autobuses. Porén, a día de hoxe non hai ningún trámite administrativo realizado por parte do Concello e isto pon en risco que, á data de finalización das obras da estación de autobuses, o acceso poida entrar en servizo en condicións axeitadas.

Cómpre polo tanto, que coa máxima celeridade, o Concello de Santiago de Compostela contrate a redacción do proxecto, o redacte e licite a obra de acceso á nova estación de autobuses, achegando á Xunta de Galicia un cronograma que permita asegurar unha axeitada coordinación na execución das obras.
Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Concello de Santiago de Compostela para:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2018 09:37
Nº Rexistro: 30476
Data envio: 04/05/2018 09:37:56.659

1. Que inicie o antes posible a redacción do proxecto de accesos que garanta a funcionalidade á nova estación de autobuses de Santiago de Compostela a partir da Rúa Clara Campoamor.

2. Que achegue á Xunta de Galicia un cronograma da tramitación administrativa necesaria e dos prazos contractuais previstos que asegure que, á finalización das obras da estación de autobuses, o seu acceso é axeitado, e permita realizar unha axeitada coordinación da actuación autonómica e da municipal.

Así mesmo o Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que culmine os trámites administrativos que permitan o inicio das obras da estación de autobuses á maior brevidade e que vele para que se executen nos prazos comprometidos".

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 04/05/2018 09:35:15

Maria Antón Vilasánchez na data 04/05/2018 09:35:23

Paula Prado Del Río na data 04/05/2018 09:35:30

Martín Fernández Prado na data 04/05/2018 09:35:37

Jaime Castiñeira Broz na data 04/05/2018 09:35:45

Jacobo Moreira Ferro na data 04/05/2018 09:35:52

Marta Novoa Iglesias na data 04/05/2018 09:36:03

María Julia Rodriguez Barreira na data 04/05/2018 09:36:11

Gonzalo Trenor López na data 04/05/2018 09:36:19

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2018 09:37
Nº Rexistro: 30476
Data envio: 04/05/2018 09:37:56.659

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 04/05/2018 09:36:29

Diego Calvo Pouso na data 04/05/2018 09:36:37

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.6 30674(10/PNP-002263)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa planificación da atención hospitalaria e a cobertura das vacacións do persoal durante os meses de verán

Publicación da iniciativa, 305, 16.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2018 16:45
Nº Rexistro: 30674
Data envio: 08/05/2018 16:45:11.998

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

Coa chegada do verán, dende hai anos o Sergas tende a planificar "á baixa" a asistencia sanitaria considerando menor nivel cuantitativo do servizo, o que se amosa en termos de camas dispoñibles e en número de traballadores nos centros sanitarios, especialmente nos hospitais. A época pre-estival é a indicada para facer as previsións sobre a dispoñibilidade de recursos persoais e humanos nos meses específicos do verán, unha vez coñecidas as solicitudes de vacacións do persoal e sendo o tempo de conformar as quendas e distribución destas.

A rede de hospitais de Galicia ten algo máis de 7.000 camas en total. Habitualmente os centros hospitalarios galegos perden o uso de máis de 1.000 delas entre xuño e setembro. Profesionais do sistema sanitario estimaron en 1.200 as que foron pechadas no ano 2016 (*Enfermeros denuncian el cierre de 1.200 camas hospitalarias en verano en Galicia; 12.07.2016* La Opinión; *Los hospitales gallegos tendrán 1.200 camas menos este verano; 30.05.2016* Cadena Ser). No ano 2017 existiu unha confusión aparentemente intencionada sobre os recursos bloqueados durante a mesma época por parte da Consellería, que dificultou a posibilidade de contabilizar as camas útiles, o que se suma á habitual opacidade gubernativa especialmente no eido sanitario. Así, mentres respostas oficiais da consellería no Parlamento de Galicia situaba a porcentaxe de camas pechadas no entorno do 11-12 %, o propio conselleiro apuntaba a cifras en torno ao 15-20 % (*A Xunta de Galicia oculta ao Parlamento cantas camas pechará nos hospitais este verán; 03.07.2017* Praza Pública).

Tamén a cantidade de persoal traballando no Sergas chegada a época do verán é notoriamente menor que no resto do ano. A correlación habitual

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2018 16:45
Nº Rexistro: 30674
Data envio: 08/05/2018 16:45:11.998

establécese co peche de camas, de forma que se reduce o servizo coa argumentación de que hai menos pacientes, conquerindo como gran vantaxe que o investimento en sanidade é menor. O verán é, naturalmente, o período maioritario de vacacións dos profesionais, e a contratación eventual supón a ferramenta que sería necesaria para cubrir as baixas producidas por estas vacacións. A propia Consellería de Sanidade ten estimado nun 20 % o volume de contratación temporal dentro do propio Sergas durante o global do ano, non entanto os sindicatos teñen apuntado a volumes maiores, sendo difícil coñecer a realidade concreta debido á opacidade dos datos oficiais. En verán, estes porcentaxes elévanse polas substitucións, pero non son cubertas todas as necesidades.

O verán supón, en definitiva, unha época de debilidade para o sistema sanitario público de Galicia, no que a planificación trata de provocar menores ingresos hospitalarios para ter menores demandas asistenciais e, por tanto, menor necesidade de recursos persoais e materiais.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1) Facilitar aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia o informe de datos dispoñibles pola consellería sobre atención hospitalaria, a partir do que se fai a planificación da atención sanitaria no verán, distribuído por áreas sanitarias.
2) Contratar en cada área sanitaria, durante a época de verán, ao persoal dispoñible necesario das listas de contratación de forma que se cubran as baixas por vacacións nos mesmos centros, servizos e categorías, nunha porcentaxe equiparable á porcentaxe de camas que se manteñan habilitadas.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2018 16:45
Nº Rexistro: 30674
Data envio: 08/05/2018 16:45:11.998

3) Conformar unha mesa de avaliación da atención hospitalaria no verán, na que participen representantes dos traballadores hospitalarios, que elabore un informe de conclusións para poder ser utilizado en seguintes anos.

Pazo do Parlamento, 8 de maio de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 08/05/2018 16:40:39

Noela Blanco Rodríguez na data 08/05/2018 16:40:46

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/05/2018 16:40:50

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.7 30849(10/PNP-002284)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a constitución pola Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Igualdade, dunha mesa de traballo interuniversitaria contra a violencia machista, así como a dotación do orzamento necesario para o desenvolvemento da súa actividade

Publicación da iniciativa, 309, 23.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/05/2018 12:36
Nº Rexistro: 30849
Data envio: 11/05/2018 12:36:54.919

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as declaracións machistas dun profesor da USC e as medidas que debe adoptar o Goberno galego para garantir a formación do persoal docente en materia de xénero.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O profesor da USC, Luciano Méndez, foi afastado de maneira temporal das aulas en 2016 despois de realizar comentarios machistas e sexistas contra o alumnado. Naquela altura, Méndez non só non se desculpou polo seu comportamento senón que chegou a publicar un artigo de opinión nun medio de grande difusión reafirmándose nas súas afirmacións.

Recentemente, esa mesma persoa, que continúa impartindo aulas na USC, publicou un vídeo a través das redes sociais no que amosaba o seu apoio aos agresores de La Manada, solicitaba a súa libre absolución e acusaba a vítima da violación dos San Fermíns.

"O que había que facer era dicirlle: 'neniña, non nos veñas aquí coas túas tonterías, que estamos falando de cousas moi serias. Estamos falando de regulamentar agresións sexuais. Non veñas aquí a armar estes *berenjenales* ti e máis o teu feminismo radical", foron algunhas das perlas que deixou no vídeo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/05/2018 12:36
Nº Rexistro: 30849
Data envio: 11/05/2018 12:36:54.919

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A USC, a través dun comunicado avanzou que están a estudar a adopción de medidas e rexeitaron as declaracións de Méndez.

Para o grupo parlamentar do BNG as declaracións deste profesor, que reincide no seu machismo declarado, son absolutamente inadmisíbeis e non teñen cabida na universidade pública nin en ningún outro ámbito da sociedade.

Neste senso, cómpre lembrar que a Lei 11/2007 de prevención e tratamento integral da violencia machista dispón:

Artigo 15.-Formación da totalidade das e dos profesionais.

1. A Xunta de Galicia garantirá, nos termos que se establezan regulamentariamente, e promoverá, mediante os instrumentos necesarios, a formación en igualdade de todas e todos os profesionais que traballan en ámbitos relacionados directa ou indirectamente coa violencia de xénero, e en especial das e dos profesionais da sanidade, dos servizos sociais, dos educativos, das Forzas e Corpos de Seguridade e das operadoras e dos operadores xurídicos.

2. Para estes efectos, o departamento competente e todos aqueles organismos e entidades que imparten formación velarán para que na formación inicial e nos seus programas formativos se incorporen módulos específicos de prevención, atención, asistencia e/ou tratamento de situacións de violencia de xénero.

3. A Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, deseñará programas específicos de formación en materia de violencia de xénero e poñeraos á disposición de calquera ente, organismo ou departamento, e da sociedade en xeral, para a súa aplicación nas diversas accións formativas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/05/2018 12:36
Nº Rexistro: 30849
Data envio: 11/05/2018 12:36:54.919

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

O Parlamento acorda instar a Xunta de Galiza a:

1. A través da Secretaría Xeral de Igualdade constituír unha Mesa de traballo interuniversitaria contra a violencia machista encamiñada a:

a) Elaborar un estudo integral sobre as violencias machistas no SUG.

b) Deseñar un programa de formación e sensibilización estábel que abranga accións dirixidas ao conxunto da comunidade universitaria e tamén específicas para cada colectivo (PDI, PAS, alumnado…).

2. Dotar do orzamento necesario os traballos e actuacións da Mesa interuniversitaria contra a violencia machista.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Xosé Luis Rivas Cruz
Luis Bará Torres
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/05/2018 12:36
Nº Rexistro: 30849
Data envio: 11/05/2018 12:36:54.919

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/05/2018 12:35:07

María Montserrat Prado Cores na data 11/05/2018 12:35:12

Ana Pontón Mondelo na data 11/05/2018 12:35:14

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/05/2018 12:35:15

Noa Presas Bergantiños na data 11/05/2018 12:35:16

Xosé Luis Bará Torres na data 11/05/2018 12:35:18

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.8 31093(10/PNP-002306)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coas prestacións de carácter asistencial e por desemprego

Publicación da iniciativa, 309, 23.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 17:55
Nº Rexistro: 31093
Data envio: 16/05/2018 17:55:28.475

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás medidas á tomar coas prestacións asistencias e por desemprego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sistema de protección de desemprego veu recortadas as contías das prestacións e endurecidos os requisitos de acceso a estas. Durante os últimos anos vimos denunciando o continuo deterioro do sistema de protección social das persoas traballadoras que están en situación de desemprego. Vimos como a taxa de cobertura de desemprego diminuíu até situarse preto do 50%, case a matade das persoas que están desempregadas non teñen acceso a ningún tipo de prestación. Das que teñen acceso a metade téñeno a prestacións non contributivas, é dicir, a subsidios que non cobren as necesidades máis básicas. En Galiza das máis de 188.000 persoas desempregadas, 93.000 non cobran ningún tipo de prestación económica.

O Goberno do Partido Popular, no seu afán centralizador pretende unificar as axudas de carácter asistencial (PAE, RAI, PREPARA), a pesares de que a xestión das mestas ten sido declarada competencia das comunidades autónomas por parte do Tribunal Constitucional, non fai efectiva a sentenza e intégraas na seguridade social,

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 17:55
Nº Rexistro: 31093
Data envio: 16/05/2018 17:55:28.475

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nun intento de impedir que ningunha administración aumente a taxa de cobertura tanto en número persoas perceptoras como na súa contía.

Nun momento onde o PIB medra teoricamente ao 3%, e onde as cotizacións por desemprego no ano 2017 teñen 2.300 millóns de superávit, pretende acometer mais unha reforma que empobrece á clase traballadora.

Por estas razóns, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a oporse á pretensión do Goberno español de unificar as axudas de carácter asistencial (PAE, RAI, PREPARA), e reclame a súa a xestión xa que é do ámbito competencial das comunidades autónomas, tal como foi declarado por parte do Tribunal Constitucional.

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a demandar do Goberno español:

- Que a contía do SMI sexa o 60% so salario medio galego.

- Que as contías das prestacións se calculen sempre en relación ao SMI, eliminando o IPREM

- A derrogación das reformas das prestacións por desemprego e recuperar as prestacións e subsidios por desemprego anteriores á reforma de 2012% :

- Manter as contías das prestacións por desemprego no 70% da media da base de cotización dos últimos 180 días durante os 6 primeiros meses e

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 17:55
Nº Rexistro: 31093
Data envio: 16/05/2018 17:55:28.475

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o 60% desa media no resto do período de cobro, que non se debe limitar a 24 meses.

- Recuperar o subsidio de maiores de 52 anos
- Restablecer o subsidio para maiores de 45 anos
- Eliminar o endurecemento dos requisitos para acceder á percepción dos subsidios en canto a que integrantes da unidade de convivencia son tidos en conta para realizar o cómputo de ingresos e que tipo de ingresos se contabilizan.

- Instaurar a Renda de Inserción Laboral para persoas maiores de 18 anos que non cobren ningunha prestación económica.”

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Luis Bará Torres
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 17:55
Nº Rexistro: 31093
Data envio: 16/05/2018 17:55:28.475

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/05/2018 17:51:21

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/05/2018 17:51:27

Olalla Rodil Fernández na data 16/05/2018 17:51:28

Noa Presas Bergantiños na data 16/05/2018 17:51:30

Xosé Luis Bará Torres na data 16/05/2018 17:51:31

Ana Pontón Mondelo na data 16/05/2018 17:51:36

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5. Interpelacións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5.1 18190(10/INT-000595)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre o tratamento de residuos líquidos

Publicación da iniciativa, 191, 11.10.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2017 18:12
Nº Rexistro: 18190
Data envío: 03/10/2017 18:12:30.083

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Xoaquín Fernández Leiceaga, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación.**

En marzo do ano 2009, só estaban sen licitar 2 depuradoras, a de Poio-Sanxenxo (Pontevedra) e a de Ribeira (A Coruña).

En febreiro de 2013, varios eurodeputados do Parlamento europeo viñan a Galicia para controlar a depuración das rías galegas e concluían que as zonas nas nosas rías que aínda son moi produtivas están en grave perigo se non se toman medidas.

A ría de Pontevedra está contaminada e con toxinas que fan que estea pechada grande parte do ano. Na ría de Arousa, a produción ten caído en picado, o berberecho morre dende hai máis de 3 anos por un parásito foráneo que está a afectar tamén á ameixa e a marea roxa e a toxina teñen estrangulado aos produtores de mexillón. Na ría de O Burgo, os lodos chegan a uns dous metros de profundidade e moitas veces se pecha a ría ao marisqueo. Na ría de Noia e Ribeira, non se coñece se o emisario de Touro para o saneamento das augas residuais urbanas se fixo de acordo ao proxecto e, dende 2007, hai fugas e vertidos de augas residuais, sen ningún tipo de explicación por parte do Concello de Ribeira, de Augas de Galicia ou da Consellería de Medio Ambiente (e así consta na denuncia da Fiscalía Provincial de A Coruña, de marzo de 2012).

A finais de 2014 (como en abril de 2011 e en outubro de 2013), a Comisión Europea anunciaba que denunciaría a España (e a Galicia) ante o Tribunal de Xustiza da UE por non existir garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en diversas zonas de Galicia, pola falla dun ~~un~~ sistema axeitado de tratamento e porque existe risco para a saúde pública. Mesmo a Comisión europea solicitaba a imposición dunha sanción económica a España pola falta de tratamento de residuos líquidos en 17 cidades, entre elas, Santiago, Vigo e Ribeira.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2017 18:12
Nº Rexistro: 18190
Data envio: 03/10/2017 18:12:30.083

Pois ben, en respostas de setembro, o Goberno dicíanos que o encargado da defensa ante Europa é o Ministerio de Medio Ambiente e que a Xunta de Galicia está a colaborar en todo momento e con plena disposición para realizar todas as actuacións que se consideren precisas. Referíase nas súas respostas tamén ás edares de Poio-Raxó (segundo o Goberno, non feita por razóns alleas) e á de Santiago de Compostela (da que, segundo as explicacións, en breve se asinará o convenio entre as tres partes implicadas).

Máis en concreto, respecto da de Santiago, dixo o Goberno que se acometeu a ampliación da EDAR da Silvouta cun investimento de máis de 4 millóns de euros que vai participar no cofinanciamento da futura EDAR do Souto, actuación declarada de interese xeral do Estado.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que clase de actuacións ten realizado o Goberno galego para colaborar co Ministerio de Medio Ambiente ante as sancións económicas da UE a España pola falta de tratamento de residuos líquidos en núcleos urbanos de Galicia?
2. Considera prioritario o Goberno galego que Santiago de Compostela conte cunha nova estación de depuración de augas residuais o antes posible?
3. Cando vai asinar o Goberno galego o convenio entre as tres administracións implicadas na nova EDAR de Santiago de Compostela?

Pazo do Parlamento, 2 de outubro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Xoaquín Fernández Leiceaga
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2017 18:12
Nº Rexistro: 18190
Data envio: 03/10/2017 18:12:30.083

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/10/2017 18:10:03

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/10/2017 18:10:08

Raúl Fernández Fernández na data 03/10/2017 18:10:12

María Luisa Pierres López na data 03/10/2017 18:10:18

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5.2 23550(10/INT-000783)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación de precariedade do mercado do traballo en Galicia

Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2018 13:27
Nº Rexistro: 23550
Data envio: 18/01/2018 13:27:41.806

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á situación de precariedade do mercado de traballo en Galiza.

A CIG ven de facer público o Estudo sobre ingresos salariais de 2016, elaborado polo seu Gabinete de Economía da CIG. Informe realizado a partir de datos oficiais tirados do Estudo "Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias" publicado pola Axencia Tributaria, que toma como base a Declaración anual que están na obriga de presentar todas as entidades que pagan salarios, pensións ou prestacións por desemprego, incluídas as administracións públicas.

O resultado do estudo é a constatación do avance da precariedade laboral, o incremento das desigualdades entre persoas asalariadas e a importante perda de poder adquisitivo da poboación.

A precariedade non fixo máis que aumentar, en 2016 o 30% da poboación non acadou o salario mínimo cando en 2009 era menos do 26%.

Acentúase a polarización entre as persoas asalariadas en Galiza que máis ganan e as que menos. No ano 2009 unha persoa asalariada do grupo de maiores ingresos equivalía a 66 dos de menores ingresos. No ano 2016 a equivalencia é de 1 a 91.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2018 13:27
Nº Rexistro: 23550
Data envio: 18/01/2018 13:27:41.806

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O único colectivo que medra é o das persoas que percibiron menos da metade do Salario Mínimo Interprofesional. Constátase que este colectivo viu reducidos os seus ingresos respecto ao ano 2009, apenas superan os 1.800 euros brutos ao ano, 100 euros menos que en 2009.

Pola contra, se ben o colectivo de maiores ingresos -isto é, daqueles que ingresan máis de 10 veces o SMI- reduciuse, o seu salario incrementouse nun 30%, superando os 170.000 euros brutos anuais. Atendendo a estes datos, Galiza é, despois da comunidade de Madrid, onde este colectivo ten os ingresos máis elevados do Estado.

Onde máis ten aumentado o número de persoas traballadoras é nas ramas de actividade de menores ingresos, que son outros servizos e ocio e lecer, que é tamén onde máis se reduciron os ingresos medios.

A conclusión é, polo tanto, que onde aumenta a ocupación é naquelas actividades de menores salarios co cal a precarización se está instalando e xeneralizando no mercado de traballo.

Diante destes datos, que amosan un mercado de traballo de precarizacion, e constatan a consolidación da figura d@ traballador/a pobre e que onde aumenta a ocupación é nas actividades de menores salarios, formúlase a seguinte Interpelación:

-Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre a situación laboral en Galiza?

-Ten previsto a Xunta de Galiza levar a cabo algunha acción para reverter a situación laboral en Galiza?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2018 13:27
Nº Rexistro: 23550
Data envio: 18/01/2018 13:27:41.806

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que actuacións vai realizar o Goberno galego para rescatar @s miles de galeg@s que están sumid@s na precariedade e na pobreza laboral?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2018 13:26:27

Ana Pontón Mondelo na data 18/01/2018 13:26:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/01/2018 13:26:34

Olalla Rodil Fernández na data 18/01/2018 13:26:35

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2018 13:27
Nº Rexistro: 23550
Data envio: 18/01/2018 13:27:41.806

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 18/01/2018 13:26:37

Xosé Luis Bará Torres na data 18/01/2018 13:26:38

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5.3 30608(10/INT-001014)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre a situación do sistema financeiro galego

Publicación da iniciativa, 305, 16.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2018 18:06
Nº Rexistro: 30608
Data envio: 07/05/2018 18:06:42.427

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**, sobre a situación de ABANCA.

Os últimos acontecementos veñen a demostrar que a decisión de poñer en mans de capital estranxeiro a principal entidade financeira galega foi unha enorme irresponsabilidade.

Hoxe por decisións adoptadas lonxe do interese común dos galegos e galegas, o 40% do aforro do país esta sometido a un enorme risco e incerteza, tamén a financiación de milleiros de empresas e centos de miles de consumidores.

O negocio bancario en xeral e en particular a Banca son entidades con direccións personalistas e polo tanto sofren con moita intensidade calquera cambio ou incerteza sobre a súa dirección, así hoxe parece evidente que ABANCA vaise resentir da repentina desaparición do seu propietario e máximo directivo. Entidade cuxas afeccións ou desequilibrios afectan de forma intensa a economía xa que a entidade ten un papel central na economía galega.

Estes movementos, incluída a liquidación definitiva da marca Banco Pastor, que poden anteceder a venda de ABANCA a un dos grandes bancos reforzan o proceso de oligopolio e exclusión financeira que vive Galicia.

Por estes motivos o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN:**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2018 18:06
Nº Rexistro: 30608
Data envio: 07/05/2018 18:06:42.427

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Que noticias ten a Xunta de Galicia da situación de ABANCA, logo dos últimos acontecementos?

Foi a Xunta de Galicia informada con antelación dos movementos na dirección?

Que vai facer para defender o que queda do sector financeiro galego?

En opinión da Xunta, como pode afectar isto aos depósitos dos galegos e á súa seguridade?

Que balance pode facer a Xunta de Galicia desta semana "horribilis" para o sector financeiro galego coa liquidación da Marca Banco Pastor e a incerteza provocada pola abrupta marcha do propietario de ABANCA?

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas
Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 07/05/2018 18:06:03

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.1 31498(10/POPX-000094)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a valoración do presidente da Xunta de Galicia relativa á corrupción na trama Gürtel e o Partido Popular de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 18:25
Nº Rexistro: 31498
Data envio: 28/05/2018 18:25:32.368

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Como valora ser alto cargo do único partido de Europa condenado por corrupción, máxime cando a trama Gürtel ten as súas raíces no Partido Popular de Galiza?

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 28/05/2018 17:27:50

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.2 31499(10/POPX-000095)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a valoración polo presidente da Xunta dos efectos para Galicia dos recentes acontecementos que sacudiron a política española

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 18:27
Nº Rexistro: 31499
Data envío: 28/05/2018 18:27:02.446

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. presidente, que avaliación lle merecen os efectos para Galicia dos recentes acontecementos que sacudiron á política española?

Pazo do Parlamento, 28 de maio de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/05/2018 16:03:46

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.3 31502(10/POPX-000096)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a militancia do presidente da Xunta só con Galicia por riba de calquera circunstancia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 31502
Data envio: 28/05/2018 18:30:04.837

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Voceiro do **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA,** para a súa resposta **oral en Pleno,** dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. Presidente, continúa vostede militando só con Galicia por riba de calquera circunstancia?

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 31502
Data envio: 28/05/2018 18:30:04.837

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Luis Villares Naveira na data 28/05/2018 18:29:42

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.1 31436(10/PUP-000168)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis

Sobre os plans de actuación inmediata desenvolvidos polo Goberno galego para axudar as persoas directamente afectadas pola explosión dunha pirotecnia o 23 de maio de 2018 no concello de Tui

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 16:30
Nº Rexistro: 31436
Data envío: 28/05/2018 15:59:33.703

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Abel Fermín Losada Álvarez, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno.

Xustificación da urxencia. A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Goberno galego dea unha resposta axeitada e rápida ás necesidades das persoas afectadas gravemente por esta catástrofe.

O mércores 23 de maio, tivo lugar unha explosión nunha pirotecnia ilegal no concello de Tui. As administracións tocaralle máis adiante reflexionar sobre o ocorrido, para analizar as causas da catástrofe e as responsabilidades que se deriven dela.

Pero de maneira inmediata, as persoas afectadas pola explosión quedaron literalmente "na rúa", véndose obrigadas a acudir a familiares, amigos ou á solidariedade da xente para seguir desenvolvendo as súas vidas.

Polo tanto, resulta imprescindible que as administracións, no ámbito das súas competencias, e co maior grao de coordinación posible, tomen todas as medidas necesarias para paliar os danos producidos pola explosión en Tui.

Os Socialistas vemos con inquedanza que a veciñanza está trasladando a súa fonda preocupación ante o feito de que as medidas que está anunciando a Xunta que vai a tomar son insuficientes. Ante a gravidade da situación, fanse imprescindibles medidas con carácter inmediato para atender ás persoas e ás familias afectadas, por iso os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Que plan de actuación inmediata ten desenvolvido o Goberno galego para axudar ás persoas afectadas directamente por esta explosión?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 16:30
Nº Rexistro: 31436
Data envio: 28/05/2018 15:59:33.703

Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 28 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/05/2018 13:56:51

Partido dos Socialistas de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo na data 28/05/2018 13:57:01

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 28/05/2018 13:57:13

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.2 31460(10/PUP-000169)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre as medidas postas en marcha pola Xunta de Galicia para atender de forma urxente as necesidades das vítimas e familias afectadas pola explosión dunha pirotecnia o 23 de maio de 2018 no concello de Tui

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 17:28
Nº Rexistro: 31460
Data envio: 28/05/2018 17:28:46.759

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Paula Vázquez Verao, Ánxeles Cuña Bóveda, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández, Julia Torregrosa Sañudo e Jose Manuel Lago Peñas, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno.**

Xustificación da Urxencia.

O pasado 23 de maio tivo lugar unha explosión nun almacén pirotécnico ilegal na parroquia de Paramos no concello de Tui. Esta traxedia con responsabilidades que terán que ser depuradas no seu momento, provocou dúas vítimas mortais, decenas de feridas, 40 casas derruídas e mais de 120 familias afectadas.

Hoxe practicamente tódalas afectadas descoñecen que se vai facer para paliar a súa situación, para recuperar as súas vivendas e pertenzas. En moitos casos soamente a solidariedade veciñal permitiu que as familias tivesen un teito para pasar estes días, dada a insuficiente resposta da administración.

Á traxedia vivida pola veciñanza súmase a incerteza de saber si as medidas que vai adoptar a Xunta serán suficientes, é necesaria unha resposta áxil, adecuada, xusta e suficiente. Os anuncios da administración galega non parecen resolver as

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 17:28
Nº Rexistro: 31460
Data envio: 28/05/2018 17:28:46.759

dúbidas de veciñanza que continúa asistindo incrédula á falla de medidas que lles permitan paliar a dramática situación que están a sufrir.

Por todo o exposto as deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral urxente en Pleno.

Que medidas ten realizado a Xunta para atender de forma urxente as necesidades das vítimas e familias afectadas por esta explosión?

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 28/05/2018 17:26:12

Antón Sánchez García na data 28/05/2018 17:26:17

Carmen Santos Queiruga na data 28/05/2018 17:26:27

Magdalena Barahona Martín na data 28/05/2018 17:26:36

Marcos Cal Ogando na data 28/05/2018 17:26:44

Francisco Casal Vidal na data 28/05/2018 17:26:52

Luca Chao Pérez na data 28/05/2018 17:27:03

Paula Vázquez Verao na data 28/05/2018 17:27:11

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 17:28
Nº Rexistro: 31460
Data envio: 28/05/2018 17:28:46.759

GRUPO PARLAMENTAR en marea

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 28/05/2018 17:27:16

Paula Quinteiro Araújo na data 28/05/2018 17:27:21

David Rodríguez Estévez na data 28/05/2018 17:27:35

Eva Solla Fernández na data 28/05/2018 17:27:46

Julia Torregrosa Sañudo na data 28/05/2018 17:27:49

José Manuel Lago Peñas na data 28/05/2018 17:27:56

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.3 31473(10/PUP-000170)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime e 7 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para axudar as persoas que viron danadas as súas vivendas pola explosión dunha pirotecnia o 23 de maio de 2018 no concello de Tui

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 17:42
Nº Rexistro: 31473
Data envío: 28/05/2018 17:42:56.712

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

Jaime Castiñeira Broz, Moisés Rodríguez Pérez, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, Mª Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes Carpegna, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno, polo trámite de urxencia.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola preocupación xerada, ante a explosión de material pirotécnico rexistrada o pasado 23 de maio en Tui e que ten ocasionado danos persoais irreparables, ademais de cuantiosos danos materiais nas vivendas de moitas familias.

Desde este Grupo Parlamentario lamentamos profundamente o falecemento de dúas persoas como consecuencia da explosión e queremos trasladar a nosa solidariedade e o noso afecto á súa familia, aos feridos e a todos os afectados.

Somos conscientes da situación que están a atravesar moitos veciños a consecuencia dos innumerables danos que este suceso ten provocado nos seus fogares.

Unha situación que require a adopción de medidas inmediatas que permitan ofrecer solucións e axudar ás familias.

É por isto que os deputados asinantes, presentamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que medidas vai adoptar o Goberno galego para axudar ás persoas que viron danadas as súas vivendas pola explosión rexistrada o pasado mércores 23 de maio en Tui?

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2018

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 17:42
Nº Rexistro: 31473
Data envio: 28/05/2018 17:42:56.712

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

Jaime Castiñeira Broz na data 28/05/2018 17:40:38

Moisés Rodríguez Pérez na data 28/05/2018 17:40:46

Martín Fernández Prado na data 28/05/2018 17:40:57

Jacobo Moreira Ferro na data 28/05/2018 17:41:11

Marta Novoa Iglesias na data 28/05/2018 17:41:27

María Julia Rodriguez Barreira na data 28/05/2018 17:41:41

Gonzalo Trenor López na data 28/05/2018 17:41:54

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 28/05/2018 17:42:12

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.4 26175(10/POP-003111)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir a viabilidade industrial da Fábrica de Armas da Coruña

Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2018 17:06
Nº Rexistro: 26175
Data envio: 14/02/2018 17:06:48.759

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Abel Losada Álvarez e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Hai algo máis de oito anos *General Dynamics* afirmaba que a súa fábrica de Pedralonga na Coruña tiña un bo futuro e contribuía a que España fose un dos países importantes en Europa para esta multinacional. En 2013 pechou as instalacións co despedimento dos seus traballadores.

En 2014 a Fábrica de Armas da Coruña foi adxudicada polo Ministerio de Defensa á empresa *Hércules de Armamento* en concurso público, participando activamente a Xunta de Galicia e o Concello da Coruña na súa reapertura.

Como xa indicamos en anteriores iniciativas, o adxudicatario asumiu, conforme aos pregos de condicións, compromisos na creación de emprego e de produción, co abono dun canon anual de 250.000 euros e recibindo 127.943 metros cadrados da factoría, equipada con maquinaria de alta precisión. *Hércules de Armamento* comprometíase no seu plan de negocio a un investimento total inicial de dous millóns de euros e de cinco millóns a tres anos.

O novo concesionario prevía facturar vinte millóns de euros anuais, especializándose en liñas de armamento e de aeronáutica, coa incorporación de 155 traballadores no primeiro ano e de 200 no segundo, pretendendo converterse no "corazón da I+D+i de Galicia". Actualmente non máis de trinta traballadores están presentes na factoría.

Ex-traballadores da Fábrica de Armas veñen denunciando con insistencia ante o Ministerio de Defensa, a Delegación do Goberno en Galicia e a Xunta de Galicia que a adxudicación a *Hércules de Armamento* era un "bluff industrial". Despois das desavinzas iniciais entre os socios, a concesionaria vén incumprindo de forma flagrante as condicións concesionais, en termos de actividade industrial, pagamento do canon, creación de emprego, non pagamentos de salarios ou débedas coa Seguridade Social e coa Axencia Tributaria, sen que ata o momento

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2018 17:06
Nº Rexistro: 26175
Data envio: 14/02/2018 17:06:48.759

se coñezan actuacións do Ministerio para esixir o cumprimento das cláusulas da concesión ou, se proceder, a súa inmediata rescisión. As débedas de *Hércules de Armamento* poderían estar preto dos sete millóns de euros.

Tras solicitar os traballadores de *Hércules de Armamento* ao conselleiro de Industria reunións para buscar solucións desde 2015, en febreiro de 2017 a Consellería recibiunos a nivel técnico para buscar solucións ao proxecto industrial, sen que desde estas datas se volvera ter resposta por parte do Goberno galego. A empresa *Mecanizados Escribano* anunciara estar en contactos coa Xunta de Galicia para entrar como novo socio inversor antes do verán de 2017.

A crítica situación da Fábrica de Armas que se vén denunciando dende o momento mesmo da licitación da súa concesión por parte do Ministerio de Defensa esixe tomar todas as medidas necesarias para retomar os compromisos asumidos pola Administración xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello da Coruña.

Polo exposto, os deputados que asinan preguntan:

Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para garantir a viabilidade industrial da Fábrica de Armas da Coruña?

Pazo do Parlamento, 14 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 14/02/2018 16:58:53

Abel Fermín Losada Álvarez na data 14/02/2018 16:59:12

Jóse Manuel Pérez Seco na data 14/02/2018 16:59:20

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.5 26702(10/POP-003179)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para intermediar no conflito laboral do persoal do servizo de mantemento do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

Publicación da iniciativa, 268, 28.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26702
Data envio: 21/02/2018 19:07:44.568

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ao servizo de mantemento e seguridade industrial do Complexo Hospitalario de Ourense.

No 2014 foi adxudicado o servizo de xestión integrada de varios servizos non asistenciais, que incluía o de mantemento, do Complexo Hospitalario de Ourense por máis de 140 millóns de euros á empresa Ferrovial por un tempo de quince anos.

Na altura esta operación foi censurada por organizacións como o Bloque Nacionalista Galego por supoñer unha privatización de servizos como o de mantemento, até a altura cun cadro de persoal público, ademais de por supoñer macrocontratos en termos que imposibilitaban o acceso a eles as pequenas e medianas empresas. Xa no 2012 o BNG tiña censurado este tipo de adxudicacións a cambio de financiamento e de macroservizos que impedían a libre competencia.

Nos últimos anos as e os traballadores de servizos dependentes de Ferrovial teñen denunciado a vulneración dos seus dereitos laborais. Máis concretamente, recentemente o persoal responsábel do mantemento e, polo tanto, de elementos de grande importancia no ámbito hospitalario como cuestións de seguridade industrial, arranxos, etc. Falta de persoal, vulneración do convenio de siderometal e agravios comparativos con traballadores doutros hospitais son algunhas das cuestións graves que están a acontecer.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26702
Data envio: 21/02/2018 19:07:44.568

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así as cousas, recentemente o cadro de persoal traballador do servizo de mantemento celebraron diversas mobilizacións na procura da resolución da súa situación de desigualdade e unha convocatoria de folga indefinida.

O emprego xerado polas administracións públicas debe ser exemplarizante e polo tanto é urxente que a Consellaría de Sanidade e a Xerencia do Complexo Hospitalario de Ourense se impliquen na resolución do conflito. Por todas estas razóns…

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións levou ou vai levar a cabo a Xunta de Galiza para intermediar na resolución das desigualdades laborais que motivan as protestas dos traballadores de mantemento do CHUO?

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Luis Bará Torres
Ana Pontón Mondelo
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26702
Data envio: 21/02/2018 19:07:44.568

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 21/02/2018 19:04:35

María Montserrat Prado Cores na data 21/02/2018 19:04:41

Ana Pontón Mondelo na data 21/02/2018 19:04:42

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/02/2018 19:04:44

Olalla Rodil Fernández na data 21/02/2018 19:04:45

Xosé Luis Bará Torres na data 21/02/2018 19:04:46

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.6 28710(10/POP-003377)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da calidade asistencial ofrecida no Hospital de Verín

Publicación da iniciativa, 289, 11.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2018 13:59
Nº Rexistro: 28710
Data envio: 03/04/2018 13:59:51.539

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Raúl Fernández Fernández e **Noela Blanco Rodríguez**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A atención sanitaria na comarca de Verín está sendo motivo de preocupación das persoas usuarias, colectivos de pacientes, asociacións profesionais, representantes dos traballadores e organizacións sociais e políticas, que apuntan a un empeoramento dos servizos sanitarios froito da escalada de recortes e redución de medios, humanos e materiais, que se promoven dende a Xunta de Galicia.

O pasado día 24 de marzo manifestáronse en Verín milleiros de persoas coa vontade clara de enviar unha queixa sobre as decisións que están afectando negativamente á súa atención sanitaria, e co desexo de que se modifiquen as liñas estratéxicas marcadas pola Consellería de Sanidade.

Usuarios, profesionais e diversos colectivos sinalan graves problemas de atención froito da imposibilidade de atender a todas as necesidades co deficitario número de persoal existente. O Hospital de Verín mantén unha soa enfermeira por máis de 30 pacientes durante moitas ocasións en quendas de noite. Dende novembro de 2017, o servizo de traumatoloxía viu reducido o número de especialistas resultando nun número moito menor de intervencións, estando na actualidade en apenas 1 ou 2 días de actividade por semana, o que conleva demoras e perda de calidade de vida na poboación. Esta redución vese agravada polas patoloxías específicas da zona, apuntándose como exemplo paradigmático a intervención de próteses, reducida nos últimos tempos de maneira significativa e correlacionada co menor número de especialistas, nunha poboación envellecida e que acrecenta esta característica sistematicamente. Outros servizos, como os de medicina interna, vense afectados pola mesma redución que resulta nesa perda de calidade asistencial.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2018 13:59
Nº Rexistro: 28710
Data envio: 03/04/2018 13:59:51.539

De igual maneira, o servizo de pediatría está atendido por un profesional próximo á xubilación, o que xera inseguridade entre usuarios/as que non saben se poderán ter o servizo cando isto ocorra, mentres que dende a dirección do centro non ofrece unha resposta sobre o problema.

A implantación da hospitalización a domicilio, a priori unha medida boa, iníciase neste mes de marzo despois de anos de anuncios, sen concrecións sobre a dotación de recursos e persoal que permitan unha correcta organización do servizo de sen que teñan persoal asignado de maneira directa e específica.

En termos xerais, o déficit de persoal e de recursos materiais provoca estes problemas nos servizos citados, o que causa graves consecuencias para a poboación afectada, e dificulta a labor dos e das profesionais que se esforzan por manter o nivel asistencial o máis alto posible que permiten as estratexias definidas pola Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera a Xunta de Galicia que a calidade asistencial ofrecida no Hospital de Verín é satisfactoria?

Pazo do Parlamento, 2 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 03/04/2018 13:15:26

Raúl Fernández Fernández na data 03/04/2018 13:15:43

Noela Blanco Rodríguez na data 03/04/2018 13:15:47

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.7 29945(10/POP-003508)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre os datos da Consellería de Sanidade referidos aos resultados da aplicación do Decreto 105/2017, do 28 de setembro, polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas

Publicación da iniciativa, 299, 03.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 29945
Data envio: 24/04/2018 14:15:43.436

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e **Sandra Vázquez Domínguez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O pasado 10 de novembro publicouse no DOG o decreto 105/2017 de 28 de setembro, polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas.

A lei 12/2013, de 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, no seu capítulo II refírese aos "tempos máximos de acceso e sistema de garantías".

Así, no seu artigo 5 establece que para os procedementos e situacións clínicas que se determinen no seu desenvolvemento regulamentario, as persoas que requiran atención sanitaria hospitalaria de carácter programado e non urxente terán garantida esa atención nuns tempos máximos mais reducidos que os previstos na normativa vixente para a totalidade dos procesos.

Os, ata o de agora, 180 días das normativas estatais e galega, pasan a converterse nun máximo de 60 para cirurxías e 45 para consultas externas e probas diagnósticas e/ou terapéuticas, contados en días naturais a partir da data de inclusión no rexistro de pacientes en espera, creado nesta mesma lei de garantías, no seu artigo 29.

A lei consolida a gravidade dos procesos como criterio de xestión dos tempos de resposta.

Transcorridos xa uns meses dende a publicación deste decreto, e da entrada en vigor do mesmo, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que datos pode facilitar a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia sobre os resultados do cumprimento do decreto de garantía de tempos máximos de espera no acceso ás prestacións sanitarias públicas?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 29945
Data envio: 24/04/2018 14:15:43.436

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 24/04/2018 14:13:50

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/04/2018 14:13:57

María Ángeles Garcia Míguez na data 24/04/2018 14:14:03

Marta Rodriguez Arias na data 24/04/2018 14:14:10

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 24/04/2018 14:14:18

María Soraya Salorio Porral na data 24/04/2018 14:14:27

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 24/04/2018 14:14:34

Raquel Arias Rodríguez na data 24/04/2018 14:14:41

Sandra Vázquez Dominguez na data 24/04/2018 14:14:48

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.8 28622(10/POP-003367)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as razóns do Goberno galego para non reforzar con persoal fixo os equipos de valoración e orientación para a discapacidade para rematar coa lista de espera nas valoracións do grao de discapacidade

Publicación da iniciativa, 289, 11.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/04/2018 11:20
Nº Rexistro: 28622
Data envio: 02/04/2018 11:20:16.491

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno.**

Os equipos de valoración e orientación para a discapacidade (EVO) son equipos multidisciplinares compostos por persoal de perfil médico, psicolóxico e de traballo social, encargados de valorar e cualificar o grao de discapacidade das persoas que o soliciten. Dependentes das Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social, sitúanse na Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

A situación a nivel xeral é de atrasos de meses na tramitación de ditas valoracións do grao de discapacidade, sendo especialmente grave a situación da provincia de Pontevedra, que acumula uns 4000 expedientes sen resolver.

Estas circunstancias supoñen un incumprimento da normativa a respecto da discapacidade e, concretamente, no que se refire á axilidade e eficacia dos procedementos no recoñecemento do grao de discapacidade (obxectivos para os que se publica a *Orde de 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes*), así como un trato desigual entre as persoas dos concellos que teñen como referencia o Servizo de Valoración de Discapacidade de Pontevedra con respecto ás do resto de Galiza que, con todo, tamén sofren unha demora inxustificábel.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/04/2018 11:20
Nº Rexistro: 28622
Data envio: 02/04/2018 11:20:16.491

GRUPO PARLAMENTAR en marea

A tardanza na resolución sobre o grao de discapacidade mantén durante meses a persoas sen poder ter os dereitos que lle corresponden, en distintos eidos.

Ademais, esta excesiva tardanza na valoración tamén afecta aos equipos dos servizos sociais municipais, que tramitan as solicitudes.

Asemade, esta situación de enorme atraso na valoración e resolución dos expedientes de valoración do grao de discapacidade nos EVO de Pontevedra e Vigo provoca que nas residencias da provincia non exista unha valoración real da situación en canto a dependencia das persoas internas. Este feito provoca que as rateos de persoal por persoas usuarias sexan inferiores ás necesidades reais.

Esta situación é estrutural e ten a súa orixe directa na falta de persoal, tendo en conta as necesidades, agravándose pola non cobertura de baixas.

Para intentar reducir a enorme lista de agarda, a Xunta impulsou un convenio entre a Consellería de Política Social e o Sergas para que persoal médico voluntario realice horas extraordinarias para a valoración do grao de discapacidade.

En Marea entende que os EVO cumpren unha función de servizo público que debe ser reforzada no seu carácter multidisciplinar.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia, para a súa resposta oral en Pleno:

Por que non reforza con persoal fixo os EVO para rematar coa lista de agarda nas valoracións do grao de discapacidade?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/04/2018 11:20
Nº Rexistro: 28622
Data envio: 02/04/2018 11:20:16.491

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 02/04/2018 10:54:50

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 05.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.9 31430(10/PUP-000167)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa solicitude de autorización do proxecto de megaminaría nos concellos de Touro e do Pino, dado o seu impacto medioambiental no sector produtivo da ría de Arousa

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 13:57
Nº Rexistro: 31430
Data envio: 28/05/2018 13:57:54.281

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres**, **Noa Presas Bergantiños**, **Olalla Rodil Fernández** e **Ana Pontón Mondelo**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite **de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén xustificada pola enorme preocupación xerada na ría de Arousa polo proxecto de megaminería a ceo aberto para a extracción de cobre nos concellos de Touro e o Pino e a necesidade de coñecer a posición da Consellaría do Mar.

Exposición de motivos

A ubicación da mina en plena conca do río Ulla ten feito saltar as alarmas na ría de Arousa, polo temor as graves consecuencias que no tecido socioprodutivo da ría pode ocasionar esta explotación mineira, xa que os cursos de auga da mina drenan cara o río, e polo tanto a contaminación que xere irá ao mesmo.

O río Ulla é o principal aporte de auga doce á ria e desemboca directamente nos bancos marisqueiros. O impacto medioambiental e no sector produtivo, tanto marisqueiro como mexiloeiro e da pesca pode ser letal. A inmensa magnitude dos verquidos da actividade mineira e dos depósitos de almacenamento de residuos supoñen

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 13:57
Nº Rexistro: 31430
Data envio: 28/05/2018 13:57:54.281

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

un risco evidente para a calidade das augas deste río e polo tanto do conxunto da ría, da que viven directamente trinta mil familias.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través dos deputados e deputadas asinantes, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Tendo en conta que a ría de Arousa está sendo un clamor en contra do proxecto de megaminería que ten solicitado autorización para levarse a cabo nos concellos de Touro e o Pino, que actuacións vai realizar o Goberno galego para impedir a súa aprobación, xa que a mesma significa un risco letal para a ría máis produtiva de Galiza?

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Xosé Luis Rivas Cruz
Olalla Rodil Fernández
Ana Pontón Mondelo
Luis Bará Torres
Noa Presas Bergantiños
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 13:57
Nº Rexistro: 31430
Data envio: 28/05/2018 13:57:54.281

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 28/05/2018 13:57:16

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/05/2018 13:57:23

Olalla Rodil Fernández na data 28/05/2018 13:57:24

Noa Presas Bergantiños na data 28/05/2018 13:57:25

Xosé Luis Bará Torres na data 28/05/2018 13:57:27

Ana Pontón Mondelo na data 28/05/2018 13:57:32